



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

ref.: cgm/ Acta Pleno/AX/SX/nº 14-16 de 01/12/2016

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 14/2016 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobío  
Data: 01.12. 2016  
Hora de convocatoria: 20.00 h.  
Hora de comezo: 20.00 h.  
Hora de remate: 21:54 h.

### ASISTENTES

- D. Juan Francisco Ferreira González
- Dna. Nuria Lameiro Valverde
- Dna. Iria Lamas Salgueiro
- 
- D. Fernando Guitián Guitián
- Dna. Natalia Sofia Salgueiro Hermida
- Dna. Patricia Durán Pérez
- D. Jesús Salgueiro Pérez.
- 
- D. Xosé Antonio Araújo Quintas
- Dna. Rocío Cambra Castro
- D. Xosé Antón Araújo Rodríguez
- 
- D. Manuel Gómez González
- D. Javier Gregores Méndez
- Dna. Beatriz Fernández Alonso
- 
- D. Pauliño Damián Del Río Iglesias.
- D. Josué Villar Ballesteros

### SECRETARIO

- Pablo Portela Fernández

No Auditorio Lois Tobío, habilitado como salón de sesións da Corporación, nesta Vila de Gondomar, ás 20.00 horas do 1 de decembro de 2016, reuníronse os membros da Corporación, anteriormente relacionados asistidos polo secretario municipal, por mor de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno, regulamentariamente convocada para este día, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior nº 12/2016 do Pleno do Concello.
2. Aprobación da acta da sesión anterior nº 13/2016 do Pleno do Concello.
3. Expediente 1065/2016. Subvencións nominativas ano 2016.
4. Expediente 1130/2016. Renuncia do Concelleiro Juan Antonio González Rodríguez.
5. Expediente 296/2016. Nomeamento fillo adoptivo Vitoriano Taibo Expediente 141/16.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

6. Fiscalización e control dos órganos de Goberno:
  - a. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo XI (novembro de 2016).
  - b. Execución trimestral orzamento 2016 (3º trimestre) Exp. 1139/2016.
  - c. Expediente 1156/2016. Información a remitir ao Pleno da Corporación de decembro por parte do Departamento de Intervención.
7. Mocións.
  - a. Moción Canalización Augas Pluviais da PO-332 ao seu paso por Vendas, Vilaza.
  - b. Moción Verquido Saneamento no Seixidal, Rocha Víncios.
8. Rogos e preguntas.

#### **1. Aprobación da acta da sesión anterior nº 12/2016 do Pleno do Concello.**

O Sr. Pauliño del Río fai alusión a que non aparece reflectida unha pregunta que fixera sobre o saneamento do Seixidal.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. Alcalde somete este punto da orde do día a votación ordinaria co seguinte resultado.

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior n.º 12/2016 do Pleno do Concello coa salvedade de realizar a comprobación sobre a pregunta indicada polo Sr. del Río.**

#### **2. Aprobación da acta da sesión anterior nº 13/2016 do Pleno do Concello.**

O Sr. Pauliño del Río manifesta que non estivo nese Pleno e que polo tanto vaise abster nesta votación.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. Alcalde somete este punto da orde do día a votación ordinaria co seguinte resultado.

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: maioría dos membros presentes, 14 votos a favor: 1 abstención de D. Pauliño del Río Iglesias; e ningún voto en contra, acorda aprobar a acta da sesión anterior n.º 13/2016 do Pleno do Concello.**



### 3. Expediente 1065/2016. Subvencións nominativas ano 2016.

*Pola concelleira de Cultura e Deportes Nuria Lameiro Valverde dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 18.11.2016, que literalmente di:*

*Sra. Nuria Lameiro: Hola. Boas tardes a todos e a todas.*

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA:**

**ASUNTO:** EXPDTE. 1065/2016. APROBACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVAS ORZAMENTO 2016.

*Vista a Base de Execución nº 28 do Orzamento Xeral do Concello do ano 2016, aprobada polo Pleno da Corporación, onde se establecían diversas subvencións nominativas destinadas a financiar actividades sociais, culturais, deportivas e demais de interese público e social, realizadas por ditos centros a favor dos emigrantes deste Concello naqueles países e a favor dos veciños de Gondomar en xeral*

*Visto que na prórroga do Orzamento se declaran non prorrogados os créditos iniciais correspondentes a estas subvencións nominativas,*

*E tendo en conta a aprobación da Modificación Orzamentaria nº 21/16 polo que se lle da cobertura orzamentaria na partida 340.48000 por importe de 13.220,00 euros e na partida 330.48000 por 200,00 euros*

*Estas Asociacións veñen dende fai anos recibindo axuda económica do Concello para as súas actividades, para os seus gastos, moitos deles comprometidos e que os perceptores contan con recibila, xa que teñen as súas actividades programadas con anterioridade.*

#### **PROPOÑO:**

**PRIMEIRO.-** *Aprobar as seguintes subvencións nominativas a incluír na Base nº 28 de Execución do Orzamento do ano 2016, quedando da seguinte maneira:*

#### **SUBVENCIÓN NOMINATIVAS ASOCIACIÓN CULTURALS**

	<b>2016</b>
ESCOLA DE MÚSICA DE VINCIOS	15.000,00
	<b>15.000,00</b>



### **SUBVENCÍONS NOMINATIVAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS**

	<b>2016</b>
AGRUPACIÓN DEPORTIVA VINCIOS	3.500,00
SOCIEDAD ATLÉTICA VAL MIÑOR	1.900,00
CLUB DE TENIS GONDOMAR	1.600,00
VINCIOS F.S. (CEREIXA)	1.500,00
GONDOMAR, C.F.	14.000,00
GONDOMAR, FUTBOL BASE	5.000,00
	<b>27.500,00</b>

### **SUBVENCÍONS NOMINATIVAS EDUCACION**

	<b>2016</b>
ANPA CEP XOSÉ NEIRA VILAS	1.750,00
ANPA CEIP SOUTO DONAS	1.750,00
ANPA CEIP CHANO PIÑEIRO	1.750,00
ANPA CEIP SERRA VINCIOS	1.750,00
	<b>7.000,00</b>

### **DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Grazas, Sra. Lameiro. ¿Intervencións? para repartir a palabra Sr. Gómez ¿pide vostede a palabra? Non . ¿Sra. Natalia Salgueiro?

Sra. Natalia Salgueiro: Grazas Sr. Alcalde. Boas tardes a todas e a todos. Bueno, neste punto imos a ser breves como o imos en principio ser ao longo de todo o Pleno, porque o Pleno de hoxe a verdade carece de contido. O punto que imos aprobar agora si que é importante, é importante para as asociacións e para os colectivos para os que se adxudican as subvencións, pero xestión política moi pouca Sr. Alcalde. Bueno, dito isto, dicir que este grupo por suposto que vai votar a favor desta proposta que trae vostede por varios motivos, principalmente porque sabemos e coñecemos cal é problemática das asociacións, sabemos que están esperando como auga de maio poder acceder a estas subvencións, e por outra parte porque a proposta que vostedes traen hoxe aquí é igualiña puntos, comas, acentos e todo, á que nos traíamos no ano 2014, non se molestaron vostedes en cambiar nin un ápice a proposta. Chega un pouco tarde, imos dicilo, a tempo pero tarde, nos pensábamos que bueno, que vostedes ían a cambiar a súa proposta, ían a cumprir co compromiso que adquiriron con algúns dos colectivos de incrementala axuda ou de facelo doutra forma, pero xa vemos que non, vemos que ao único que se limitaron é a cambiálo nome de Fernando Guitián polo nome de Francisco Ferreira e a data, nada, nada mais, xa nos estamos acostumando a manifestacións súas como as que fixo fai pouco en prensa dicindo que o orzamento que o anterior Goberno aprobara e que vostede fartouse a criticar, mesmo en algunhas ocasións polo que a min me toca, rozando o límite da falla de respecto, e o outro día, podemos ver en prensa que ao final o orzamento 2012 é magnífico, dálle a vostede unha marxe espléndida para poder cumprir cos seus compromisos e esta é outra proba de elo, tamén criticaba a forma de cómo se podía repartir e das poucas axudas que podían ter os colectivos pero vostede tivo a oportunidade de cambiálo e de facelo doutra forma pero non, copiou e pegou a nosa proposta e hoxe a trae aquí, bueno a nos entón non nos queda outra cousa por suposto que votar a prol. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Salgueiro. ¿Alguén pide a palabra? Sr. Gómez.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Gómez: Boas tardes a todas e a todos, simplemente case anunciar ao principio o noso voto, que non podía ser menos que vai ser a prol, é unha pena que isto pois chegue a estas alturas, tarde, iso que dicía a Concelleira, iso que a nos tampouco nos importa, que é cambialo nome, creo que aínda non o cambiou, Fernando Guitián por Francisco Ferreira pero bueno, leva no Goberno xa algo mais dun ano e medio e é unha mágoa, non hai ningúns novos orzamentos, non hai nada e claro, pois iso claro toca pois simplemente facer o que se estaba facendo antes ¿non? Despois de mais de un ano e medio é unha mágoa que non houbera, que vostedes non houberan traído uns novos orzamentos, habelos feito, que o prometeron ao principio do Goberno, que xa fámolas a ter o ano pasado novos orzamentos, onde isto axudaría a poder estas subvencións, melloralas, amplialas e todo iso, pero bueno como non o fixeron e claro non teñen culpa neste caso as asociacións, clubs e todo non teñen a culpa da falta de xestión de vostedes e nos por suposto que non imos a prexudicalos nin a ser parte co cal Iniciativa por Gondomar vai votar a prol deste punto. Nada mais. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Gómez, Sr. del Río, ten vostede a palabra.

Sr. del Río: Ben, para empezar, evidentemente Gondomar Concello Aberto vai votar a prol desta proposta das subvencións nominativas e na xustificación de motivos supoño, que está antes da proposta, eu creo que xa o dixen cando fora, cando estaba o Sr. Fernando Guitián de alcalde. Sabemos que neste Pleno, que nas subvencións nominativas estaban tres asociacións de emigrantes ¿correcto? Onde se lle pasaba ano tras ano unha cantidade porque era bo que dende este Concello se retornara unha pequena parte das axudas que eses mesmos centros galegos no exterior fixeran cando aquí se estaba pasando bastante mal, esas subvencións desapareceron no orzamento 2012, nos fixéramos unha, daquela se fixera unha emenda para tratar de recuperar isto, non se recuperou, a proposta é a mesma que a do ano pasado e que a do ano anterior, home cando menos gustaríanos que non aparecera na proposta, porque parece un pouco de... non o sei. Dicer como se di aquí "a prol dos emigrantes deste Concello" daqueles países e a favor dos veciños de Gondomar" en xeral sona un pouco mal, non custaría nada facer unha proposta igual, é a súa potestade traer aquí unha proposta de subvencións nominativas cravada á do PP, nada imos dicir sobre este tema porque bueno, está, está, alguén usou por aquí hoxe unha palabra que é "corta e pega", bastante atinada, bastante atinada isto de corta e pega, nos imos votar a prol. Gustaríanos que para a próxima vez se sacara, xa que non se lle da unha subvención nominativa a estes Centros de Emigrantes de Uruguai, cando menos se lle quitara da exposición de motivos e despois nos gustaría saber, tamén mais aló desta proposta, é o por qué na modificación de créditos que se fixo para darlle contido a estas rcs que aparecen na proposta da Alcaldía é a proposta 21/2016 aparecen como baixas e anulacións en concepto de ingresos a partida 231 que é a área de gasto e a aplicación económica 48.000, a familias e institucións sen fins e lucro 15.868,69, isto é de auxilio social primario e con todo se lle da de alta por esa mesma cantidade esta partida de familias e institucións sen ánimo de lucro que se lle da de baixa e se lle da de alta a outra partida onde pon "outros traballos realizados por empresas" gustaríanos saber por qué se fixo esta modificación que deu lugar despois a cobertura orzamentaria, non tanto desta partida, evidentemente, senón a dúas partidas que se sacaron, unha de Educación e outra de Deportes, unha de Retribucións de Persoal e outra de Suministros enerxía eléctrica e se pasou a Familias e Institucións sen ánimo de lucro, son os famosos 200 euros e 13.220, con todo chámamos a atención esta baixa de Familias e Institucións sen ánimo de lucro para dala de alta en Traballos realizados por outras empresas. Grazas Sr. Alcalde.

Sr. Alcalde: Sr. del Río, darémoslle resposta ao que pregunta vostede, porque agora mesmo a intervención, non ten aquí o expediente. Bueno me di a interventora municipal que é para darlle cobertura aos comedores escolares que antes estaban nunha partida e agora están en outra. Bueno de todas formas contestarémoslle con mais profundidade sobre este tema se vostede o desexa. Bueno ¿algunha palabra mais? ¿Sr. Guitián? jah, non!



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a proposta arriba transcrita, relativa ás SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS ANO 2016.**

- 4. Expediente 1130/2016. Renuncia do Concelleiro Juan Antonio González Rodríguez.**

*Sr. Alcalde: Se informa que ten que darse coñecemento neste Pleno segundo o artigo 9 do ROF e a tenor tamén do artigo 182 da Lei de Réxime Electoral Xeral, da renuncia do Concelleiro e da súa acta para a posterior toma de posesión do seguinte da lista do PSOE, que concorreron como tal ás eleccións municipais. Segundo me traslada o Secretario Municipal non procede someter a votación nin nada, este punto, só é dar conta e tomar coñecemento desta renuncia, polo tanto ¿intervencións, alguén pide a palabra?*

**O pleno da Corporación Municipal queda informado e toma coñecemento.**

- 5. Expediente 296/2016. Nomeamento fillo adoptivo Victoriano Taibo Expediente 141/16.**

*Pola concelleira de Cultura e Deportes Nuria Lameiro Valverde dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 24.11.2016, que literalmente di:*

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA:**

**ASUNTO: PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO A TÍTULO PÓSTUMO DE NOMEAMENTO DE FILLO ADOPTIVO DE GONDOMAR**

#### **ANTECEDENTES:**

*Tendo sido nomeada por resolución de alcaldía de data 30 de setembro pasado, instrutora do devandito procedemento, de conformidade co capítulo IV do Regulamento de honras e distincións deste Concello que foi publicado no Boletín Oficial de Pontevedra, nº 47 de data 10 de marzo de 1993.*

*Tendo en conta, que con data 6 de outubro de 2016, o Concello Pleno, por unanimidade, a proposta da Concelleira instrutora, acordou instar ao alcalde o inicio do correspondente expediente para nomear como fillo adoptivo de Gondomar a D. Vitoriano Taibo García.*



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

### **FUNDAMENTO:**

*Recollido pola instrutora do expediente, Nuria Lameiro, unha recompilación de datos, obtención de probas e determinación de actuacións, en orde a precisar os méritos concorrentes na persoa de*

*D. Vitoriano Taibo García, para que sexa distinguido -a título póstumo- como FILLO ADOPTIVO DO MUNICIPIO.*

### **CONCLUSION EVIDENTE :**

*Vitoriano Taibo, no exercicio da súa profesión de mestre, levouno a Ortigueira, Cambre, Xinzo de Limia, e Morgadáns, onde estivo vinculado durante 20 anos, na etapa mais frutuosa da súa vida, o que lle levou a ser admirado e querido entre a súas xentes pola súa labor cultural, pola súa ensinanza, pola súa popularidade, pola sinxeleza e amabilidade, pola súa involucración na parroquia, que levou a que a Entidade Local de Morgadáns, en colaboración co IEM lle crease un certame de poesía co seu nome. Hoxe é moi recoñecido no ámbito cultural de Galicia e de fora do noso país.*

*O seu legado cultural de D. Vitoriano Taibo, que naceu en Santiago de Compostela o día 25 de abril de 1885 e finou en Vigo O 13 de marzo do ano 1966, e moi amplo como queda reflectido no anexo I que se achega ao expediente, foi un persoeiro moi comprometido co movemento Galeguista, que o levou a involucrase creación e difusión das Irmandades da Fala .*

### **TRES TÍTULOS DA SÚA AUTORÍA:**

*Amáis de abundante obra espallada en diversas publicacións, Vitoriano Taibo viu editados tres títulos da súa autoría: Os Poemarios Abrente, Versos Galegos (1922) e Da vella roseira, Cántigas orixinas (1925) mais o libro narrativo Da Agra aberta, contos e lendas (1956); e postumamente, rescatados recentemente, Abicedo e Cabrinfolas (2008) Lembranza da tecedeira (2013) e Contos pequenos (2016)*

*Incorporase ao expediente un historial que permite coñecer unha axustada descrición da vida do mestre Vitoriano Taibo.*

*Pola documentación que obra no expediente, e co ánimo de recoñecer os méritos persoais e os múltiples servizos prestados a prol da sociedade en concreto aos veciños de Morgadáns,*

### **PROPOÑO:**

*Que o concello pleno, CONCEDA a prol de D. Vitoriano Taibo García, o título de FILLO ADOPTIVO DE GONDOMAR, a título póstumo, por concorrer na devandita persoa, os méritos persoais e servizos prestados, merecedor deste galardón.*

### **DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: ¿Intervencións sobre este punto? ¿ningunha?. Sr. Pauliño del Río, ten a palabra vostede.

Sr. Pauliño del Río: Grazas Sr. Alcalde, nos ben, cando o Goberno faino ben pois hai que congratularse desto e eu creo que esta é unha boa iniciativa e queremos recoñecer o traballo que neste fixo a Concelleira de Cultura e a o Instituto de Estudos Miñoranos. Falábase aquí fai pouco pola concelleira Da Agra aberta e no limiar desta obra dicía Vitoriano: " a nosa fala é o símbolo do noso corazón, recreou o noso espírito, sentimento e pensamento coas bágoas do



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontavedra)

traballo, mar e campía, co celme das cantigas do corazón, amor, dor, saudade, humorismo, verxel florecido (...) dos poetas, terra manantía e murmurante onde abrolla, latexa e canta a voz nosa, a historia do espírito de Galiza está na nosa fala" dicía un estudoso de Vitoriano Taibo, Miguel Anxo Mouriño e noutras publicacións; a patria de Vitoriano Taibo era sen dúbida a súa lingua, a lingua galega que tanto amou e que tantos traballos sabéndoa tan necesitada do achego das nosas almas e do agarimo dos nosos beizos namorados, foi ela o motivo principal das súas inquedanzas intelectuais e non se conformou con coñecela a fondo e usala maioritariamente nas relacións persoais e nos escritos, a súa profunda convicción de que a misión do literato galego é devolver ao seu país a súa propia fala, todo o arrequeitada que se queira, con todos os neoloxismos e tecnicismos que nela lle conveñan pero limpa e escoceita, axeitada para as xurdías angueiras do sentimento do intelecto, este convencemento di Miguel Anxo Mouriño, acompañouno toda a vida levouno a procurar o enriquecemento e a fixación do galego para que recuperase o seu posto natural de par entre as outras linguas do mundo. Paréceme un bo día para Gondomar hoxe.

Sr. Alcalde: ¿Rematou Sr. del Río? Moitas grazas dobremente, pola intervención e polas verbas que lle dedicou ao literario e a Vitoriano Taibo. Eu quero dicir ao respecto, que bueno, é unha iniciativa de toda a Corporación, non é unha iniciativa tampouco do Goberno, eu creo que debemos de estar todos ademais neste senso igual de contentos e de agradecidos porque é unha cousa que hai que sacar da esfera da política, e isto é unha cousa que os representantes que aquí estamos, os dezasete compartimos e polo tanto eu creo e quero ademais que sexa unha cousa de todos e tamén dicir que queda vostedes emprazados para que o día 10 de decembro, ás 19:00 horas que se vai facer ademais entrega do Certame Literario Vitoriano Taibo ao seu gañador, onde saben o Concello organiza por segundo ano consecutivo este Certame Literario pois tamén aí aproveitaremos para facerlle entrega á familia pois do pergamiño ou do título que levará ese, que se fará a tal efecto para que quede como recordo, primeiro de maneira física da súa familia pero tamén do noso corazón e pedíame a palabra o tenente alcalde Sr. Araúxo, ten vostede a palabra.

Sr. Araúxo Quintas: Grazas Alcalde, boas noites. Dicía Castelao que era un, que foi outro dos grandes do país ¡non! e que tamén era admirado e que compartían o mesmo ideario político que Vitoriano Taibo, dicía Castelao que hai necesidades que non se senten no bandullo, e tiña razón Castelao como en case todo o que dicía. Por iso para nos hoxe este acto, polo menos para o noso grupo, e creo que así o entende creo que toda a Corporación, pero polo menos para o noso Grupo e para aqueles que compartimos o ideario dunha persoa que foi, que formou parte, que foi parte fundadora das irmandades da fala, do partido galeguista posteriormente, que mantivo o facho dunha idea en tempos moi difíciles polos cales sufriu tamén, sufriu as consecuencias, por iso para nos é un acto moi relevante que aquí se aprobe hoxe no Pleno, dende logo eu diría mesmo mais, probablemente esteamos xa no resto dos Plenos, probablemente sexa o Pleno do mandato con, polo menos para min, con mais transcendencia e contido e transcendencia mais alá de Gondomar con toda seguridade ademais, o que hoxe facemos aquí vai ter moita transcendencia no resto do país, eu espero e moitos estamos convencidos que mais pronto que tarde o día das letras galegas vai ser dedicado a Vitoriano Taibo. Hai xente traballando nesa idea, e iso vai tamén converter a Gondomar e a Morgadáns en concreto en centros desa conmemoración, polo tanto eu creo que isto é un acto, o que estamos facendo hoxe aquí moi importante, dunha transcendencia, a min non me gusta ser grandilocuente, pero probablemente se poda dicir que é histórico, por iso estamos satisfeitos por esta idea, nos felicitámonos tamén, é unha tarefa colectiva de toda a Corporación, dun traballo previo, de moitos anos por certo, de persoas e colectivos, a Entidade Menor de Morgadáns por suposto, o Instituto de Estudos Miñoranos e das persoas que os dirixiron e dirixen que procuraron e puxeron en valor e sacaron do esquecemento o traballo e a memoria de Vitoriano Taibo, que por certo aínda hoxe quedan nalgúns alumnos, nalgúnas alumnas da súa parroquia aínda viven algunhas, poucas que lembran con moito agarimo a





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

figura daquel mestre que nos anos trinta e pouco, levábaos, levaba aos alumnos a escoitar a Castelao precisamente a un acto público que dera alí en Vincios dende un balcón, ese era Vitoriano Taibo, aparte da súa valía como intelectual, como pensador e como mestre tamén, polo tanto eu creo que este é un Pleno moi importante e así o debemos valorar, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Concelleiro, ten vostede a palabra Sr. Salgueiro.

Sr. Salgueiro: Grazas Alcalde, boas noites a todos e a todas, simplemente é para anunciar o voto a prol do Partido Popular e do Grupo Popular, evidentemente non podía ser doutra maneira, xa que eu estiven nesa entidade que foi cando se empezou co Premio Vitoriano Taibo, quería tamén nomear a Urbano Esmerode que foi o que primeiro xunto con Manolo e comigo apostamos por este premio e grazas a iso lévase agora a cabo este nomeamento. Simplemente iso, co noso voto será a prol. Grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas, grazas, bueno queda patente ademais que é unha cousa de todos, de toda a Corporación, de xente que leva moitos anos traballando neste, mesmo moito antes de moitos de nos estar aquí representando aos veciños.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a proposta arriba transcrita, relativa á RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO A TÍTULO PÓSTUMO DE NOMEAMENTO DE FILLO ADOPTIVO DE GONDOMAR**

#### **6. Fiscalización e control dos órganos de Goberno:**

##### **a. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo XI (novembro de 2016).**

#### **Resolucións Alcaldía Tomo XI - 2016**

*En cumprimento do disposto no art. 33 do Regulamento Orgánico deste Concello, dáse conta das Resolucións adoptadas por esta Alcaldía no ano 2016 dende a:*

**"DECRETO 2016-1691** [Resolución de Alcaldía (favorable)];"21/11/16 11:29";"INDEMNIZACIONES ASISTENCIA TRIBUNAL BOLSA TECNICO ADMINISTRACION XERAL (RELACION 211)";"1082/2016";"Tribunal bolsa técnico admon. xeral (relación 211)";"subscricións completa"

**"DECRETO 2016-1690** [Resolución Ben Inmueble];"18/11/16 13:43";"Solicitud Ben Inmueble";"1066/2016";"Autorización Ben Municipal Alcaldía";"subscricións completa"

**"DECRETO 2016-1689** [RESOLUCIÓN DEL RECURSO DE REPOSICIÓN];"18/11/16 13:24";"RESOLUCION RECURSO DE REPOSICION COMPENSACION DEUDA HORMIGONES



GONDOMAR";"1061/2016";"COMPENSACION DE DEUDAS HORMIGONES GONDOMAR";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1688** [Decreto da convocatoria]";"18/11/16 13:19";"Convocatoria Comisión Informativa de contas 22.11.2016";"CIEFEC/2016/4";"Convocatoria de Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1687** [RESOLUCION]";"18/11/16 12:54";"Resolución Tapería Margodón";"602/2016";"AXVI Licenza de obra";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1686** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]";"18/11/16 11:53";"Aprobación facturas. Relación 208. Facturas recib.set. Energalicia. (desfav.)";"1022/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 208. Fact. recib.set. ENER GALICIA";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1685** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]";"18/11/16 11:53";"Aprobación de Facturas. Relación 209. Factura. TELEFONICA setembro/16 (desfav.)";"1054/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 209.Factura. TELEFONICA setembro/16";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1684** [resolución erro material E.I.]";"18/11/16 11:49";"rectificativa por avocación de competencias rúa Eduardo Iglesias";"733/2016";"Reforma marxe dereita rúa Eduardo Iglesias, num.33/15";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1683** [Resolución da Alcaldía]";"18/11/16 10:22";"MODIFICACION ORZAMENTARIA Nº21/16 (GASTOS SEN CREDITO)";"1063/2016";"Modificación de crédito nº 21/16 (gastos sen crédito)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1682** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]";"18/11/16 10:18";"Aprobación facturas. Relación 207. Facturac.electric.setembro/16 S.U.R. (desfav)";"1027/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 207. FACTURAC.ELEC.SETEMBRO/16 (SUR)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1681** [resolución alcaldía SAF -CELSO FERNANDEZ]";"18/11/16 10:17";"RESOLUCION ALCALDIA SAF LIBRE CONCURRENCIA DE D. CELSO FERNANDEZ RIVERO";"1000/2016";"Prestación do servizo de axuda a domicilio";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1680** [aprob. exp.contr. 33-15 obra rúa eduardo]";"18/11/16 10:16";"rúa Eduardo Iglesias. expte. contratación";"733/2016";"Reforma marxe dereita rúa Eduardo Iglesias, num 33/15";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1679** [Resolución protección datos]";"17/11/16 21:50";"Resolución Rectificación decreto 2016-1625 de Protección de datos de carácter persoal";"625/2016";"[Creación/Modificación/Supresión] de Ficheros de Datos de Carácter Personal."; "subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1678** [040716 RESOLUCION CANS 113-16 CON ALEG]";"17/11/16 21:47";"resolución cans non censado en Donas por Carmen Fernández";"1026/2016";"EXPEDIENTE SANCIONADOR ANIMAIS 116/16, CARMEN FERNANDEZ";"subscricións completa"



"**DECRETO 2016-1677** [RESOLUCIÓN HORAS EXTRAS JOSÉ A. PEDROSA COMESAÑA]";"17/11/16 21:46";"Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello";"473/2016";"Ficha de Empregado José A. Pedrosa Comesaña";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1676** [Resolución da Alcaldía]";"17/11/16 21:45";"EMERXENCIA SOCIAL. PAX 58/16";"1042/2016";"Emerxencia social M<sup>a</sup> Esther Méndez Rodríguez(PAX 58/16)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1675** [abandono de un animal 16]";"17/11/16 21:44";"resolución animais abandonados";"1060/2016";"Animais abandonados Carlos Perez 146/16";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1674** [Resolución da Alcaldía pax 61.16 ALQUILER]";"17/11/16 21:44";"EMERXENCIA SOCIAL PAX 61/16";"1047/2016";"Emerxencia social M<sup>a</sup> Carmén Coello Misa(PAX 61/16)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1673** [Resolución da Alcaldía]";"17/11/16 21:44";"MODIFICACIÓN CRÉDITO 20/16 (SUBVENCIÓN EDUARDO IGLESIAS-PPOS 2015)";"1059/2016";"Modificación crédito nº 20/16.- reforma marxe dereita rúa Eduardo Iglesias (PPOS 2015)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1672** [Resolución da Alcaldía PAGO A XUSTIFICAR (62/16)]";"17/11/16 21:44";"EMERXENCIA SOCIAL.PAX 62/16";"1062/2016";"Emerxencia social Javier Lorenzo Lorenzo (PAX 62/16)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1671** [Resolución da Alcaldía PAGO A XUSTIFICAR]";"17/11/16 13:51";"EMERXENCIA SOCIAL. PAX 59/16";"1044/2016";"Emerxencia social Amelia Ferreira González (PAX 59/16)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1670** [Resolución da Alcaldía PAGO A XUSTIFICAR (60/16)]";"17/11/16 13:50";"EMERXENCIA SOCIAL-PAX 60/16";"1037/2016";"Emerxencia social Manuel Antonio Da Silva Doval(PAX 60/16)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1669** [RESOLUCION TOMA DE RAZON]";"17/11/16 13:02";"TOMA DE RAZON";"481/2016";"AVI Comunicación previa de actividade";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1668** [RESOLUCIÓN FAVORABLE]";"17/11/16 9:55";"toma razón actividade";"159/2016";"AVI Comunicación Previa de Actividade";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1667** [RESOLUCION TOMA DE RAZON]";"17/11/16 9:51";"Toma de razon";"330/2016";"AXVI Licenza de obra";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1666** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]";"17/11/16 9:03";"Aprobación de Facturas. Relación 204. FACT. ELECTRIC. AGOSTO/16 (S.U.R.) (desfav)";"1023/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 204. FACT. ELECTRIC. AGOSTO/16 (S.U.R.)";"subscricións completa"



"**DECRETO 2016-1665** [Resolución de Alcaldía plusvalía 957]";"16/11/16 14:38";"PLUSVALIA EXPTE 957";"957/2016";"Liquidación IVTNU (Antonio Martínez Pazo)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1664** [Resolución de Alcaldía plusvalía 963 A]";"16/11/16 14:32";"PLUSVALIA EXPTE 963 ANA SOUSA";"963/2016";"Liquidación IVTNU (Ana Davila Sousa)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1663** [Resolución de Alcaldía plusvalía 963 B]";"16/11/16 14:31";"PLUSVALIA EXPTE 963 ANA DAVILA SOUSA";"963/2016";"Liquidación IVTNU (Ana Davila Sousa)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1662** [RESOLUCION ALCALDIA COMEDOR ESCOLAR]";"16/11/16 14:31";"CONCESION AXUDAS COMEDOR ESCOLAR (7º RESOLUCION). ACTA 10-11-16";"14/2016";"COMEDOR ESCOLAR 2016-2017";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1661** [ANTICIPO NÓMINA M. CARMEN RODRÍGUEZ PÉREZ]";"16/11/16 14:30";"Anticipo nómina do mes de novembro da traballadora M. Carmen Rodríguez Pérez";"1038/2016";"ANTICIPO DE NÓMINA NOVIEMBRE DE M. CARMEN RODRÍGUEZ PÉREZ";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1660** [Resolución alcaldía 1045-16]";"16/11/16 14:29";"Anuncio DOGA delimitación núcleo prado morgadáns. Expdte Urbanismo 742/16 (Relación 205)";"1045/2016";"Anuncio DOGA delimitación núcleo Prado Morgadáns. Expdte Urbanismo 742/16";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1659** [NOMEAMENTO AVOGADO PROCEDEMENTO SUSANA DE CASTRO (PO790/2016)]";"16/11/16 14:27";"Nomeamento do avogado que asistirá ao Concello de Gondomar no Xulgado nº 3 de Vigo - Refuerzo (PO 790/2016) en relación coa demanda presentada por Susana De Castro Araújo."; "755/2016";"DEMANDA PRESENTADA POR SUSANA DE CASTRO ARAÚJO (PO790/2016)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1658** [Resolución de Alcaldía (favorable)]";"16/11/16 14:10";"ANUNCIO BOP OBRA APARCADOIRO MERCADO DE ABASTOS (RELACION 206)";"1031/2016";"Anuncio BOP aparcadoiro mercado abastos zona policía río Zamáns, na rúa Rosalía de Castro (relación 206)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1657** [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]";"16/11/16 11:37";"requirimento";"902/2016";"AXVI Licenza de obra";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1656** [111616 resolución rectificación da resolución nova exposición pública]";"16/11/16 11:35";"RESOLUCION DE RECTIFICACION";"586/2016";"U1 Delimitación de solo de núcleo rural";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1655** [resolución campo de futbol 16]";"15/11/16 17:05";"resolución campo de futbol 1-final."; "768/2016";"reforma campo do campo de As Gaiandas 27-15";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1654** [RESOLUCION NOVA APERTURA DE INFORMACION PUBLICA]";"15/11/16 13:01";"RESOLUCION NOVA APERTURA DE



INFORMACION PUBLICA";"742/2016";"U1 Delimitación de solo de núcleo rural";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1653** [SOLICITUDE DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA CONVOCATORIA E SELECCIÓN DE PRAZAS VACANTES NO CORPO DA POLICIA LOCAL]";"14/11/16 23:46";"Resolución relativa a solicitude de convenio de colaboración para convocatoria de prazas vacantes no corpo da Policía Local";"1014/2016";"Convocatoria de selección de prazas vacantes no corpo da Policía Local";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1652** [RESOLUCION DE REQUIRIMENTO]";"14/11/16 13:57";"RESOLUCION DE REQUIRIMENTO";"894/2016";"AXVII Licenza de parcelamento, segregación ou división de terreos";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1651** [RESOLUCION DE REQUIRIMENTO]";"14/11/16 13:55";"RESOLUCION DE REQUIRIMENTO";"1012/2016";"AVIII Comunicación previa cambio de Titularidade de Obras";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1650** [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]";"14/11/16 13:55";"requirimento";"1007/2016";"AXVI Licenza de obra";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1649** [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]";"14/11/16 13:52";"requirimento";"1013/2016";"AVII Comunicación Previa de Obra";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1648** [Resolución de Alcaldía (favorable)];"14/11/16 9:44";"INDEMNIZACIONES ASISTENCIA TRIBUNAIS SELECCION PERSOAL (RELACION 202)";"927/2016";"Dietas asistencia tribunais 2016 (relación 202)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1647** [RESOLUCIÓN PERMISOS, LICENZAS, VACACIONS OBRADOIRO]";"12/11/16 14:34";"Concesión de permisos, licenzas ou vacacións a persoal do Obradoiro de Emprego";"268/2016";"PERMISOS, LICENZAS OU VACACIONS ANO 2016";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1646** [RESOLUCION NOTIFICADORES]";"11/11/16 22:39";"RESOLUCION ELECCIONS AUTONOMICAS";"289/2016";"Eleccións autonómicas 2016";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1645** [Resolución anticipo nómina mes de novembro de Bruno Benítez García]";"11/11/16 19:45";"Solicitude de anticipo da nómina do mes de novembro do traballador Bruno Benítez García";"1004/2016";"ANTICIPO NÓMINA NOVIEMBRE BRUNO BENÍTEZ GARCÍA";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1644** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)];"11/11/16 13:43";"CONSUMO ELECTR.XULLO-AGOSTO/16 (TUI) (desfav)";"483/2016";"Aprobación facturas. Relación 199.Más facturas recib. AGOSTO/16";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1643** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)];"11/11/16 13:43";"Aprobación de Facturas. Relación 197. Axuda domicilio xullo (desfav)";"501/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 197. Axuda domicilio xullo";"subscricións completa"



"**DECRETO 2016-1642** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)];"11/11/16 13:42";"Aprobación de Facturas. Relación 200. Consumo electr.xul-ago/16 TUI (desfav.)";"930/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 200. Consumo electr.xul-ago/16 TUI";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1641** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)];"11/11/16 13:42";"Aprobación de Facturas. Relación 198. Recibidas agosto, pend.mod.orz.18/2016 (desfav.)";"802/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 198. Recibidas agosto, pend.mod.orz.18/2016";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1640** [RESOLUCION ORDEN DE EXECUCIÓN];"11/11/16 13:41";"RESOLUCIÓN ORDE DE EXECUCIÓN";"398/2016";"D1 Orde de execución";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1639** [RESOLUCION DE ARQUIVO];"11/11/16 13:40";"RESOLUCION";"743/2016";"AIX Comunicación previa de Cambio de Titularidade de Actividade";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1638** [TOMA DE RAZON];"11/11/16 13:36";"TOMA DE RAZON";"100/2016";"Comunicación Previa de Obra";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1637** [Convocatoria Xunta de Voceiros];"11/11/16 13:17";"Convocatoria Xunta de Voceiros Nov."; "XP/2016/1";"Convocatoria de Xunta de portavoces";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1636** [Resolución de Alcaldía (favorable)];"11/11/16 10:31";"APROBACION ANTICIPOS PERSOAL (RELACION 201)";"993/2016";"Anticipos persoal (relación 201)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1635** [resolución alcaldía modificación orzamentaria 19/16 (ampliación crédito anticipos persoal)];"11/11/16 8:27";"resolución alcaldía modificación orzamentaria 19/16 (ampliación crédito anticipos persoal)";"970/2016";"Modificación orzamentaria nº 19/16 (ampliación crédito anticipos persoal)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1634** [Resolución expte];"10/11/16 14:03";"Resolución expte. 451/2016";"451/2016";"Determinación da existencia de terceiros de boa fe en procedemento demolición vivenda Rebeca Fdez. Prieto. 126/16";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1633** [RESOLUCION DEVOLUCION TAXA];"10/11/16 13:21";"resolución devolución tasa escolas deportivas (Ixem Lemos Pérez)";"971/2016";"DEVOLUCION TASA ESCUELAS DEPORTIVAS IXEM LEMOS PEREZ";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1632** [12097 744.16 toma razón comunic.previa para actividade SUC];"10/11/16 11:31";"RESOLUCIÓN DA TOMA DE RAZÓN";"744/2016";"AVII Comunicación Previa de Obra";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1631** [resolución];"10/11/16 11:08";"RESOLUCIÓN ORDE DE EXECUCIÓN";"398/2016";"D1 Orde de execución";"cancelado"

"**DECRETO 2016-1630** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)];"9/11/16 22:58";"Aprobación de Facturas. Relación 194. Nacoos (desfav)";"596/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 194. Nacoos"



Producciones";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1629** [PLUSVALIA PRORROGA 944]";"9/11/16 17:48";"PLUSVALIA PRORROGA 944 CARLOS COTOVAD CASTRO";"944/2016";"Liquidación IVTNU (Carlos Cotovad Castro)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1628** [041116, plan de saúde San Roque]";"9/11/16 17:46";"plan saúde san Roque";"559/2016";"execución muros de manpostería en San Roque e Gonda, 28/15";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1627** [Resolución de Alcaldía plusvalía 943]";"9/11/16 17:46";"PLUSVALIA EXPT 943-MANUEL VILLAMARIN VILA";"943/2016";"Liquidación IVTNU (Manuel Villamarín Vila)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1626** [110816 exp. 12.03.467.16 medidas cautelares Bugus a Pasaxe]";"9/11/16 9:55";"RESOLUCION";"467/2016";"D3 Expediente de reposición da legalidade";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1625** [Resolución protección datos]";"8/11/16 20:19";"Resolución creación, modificación, supresión de ficheiros de datos de carácter persoal";"625/2016";"[Creación/Modificación/Supresión] de Ficheros de Datos de Carácter Personal."; "subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1624** [Resolución de Alcaldía]";"8/11/16 20:17";"Aprobación facturas, relación 187, recib.30-31 agosto. (desfav.)";"66/2016";"Aprobación de Facturas. 30-31 agosto";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1623** [RESOLUCION APROBACION BASES E CONVOCATORIA SUBVENCIONS CULTURAIS]";"8/11/16 18:00";"RESOLUCION APROBACION BASES E CONVOCATORIA SUBVENCIONS CULTURAIS";"895/2016";"SUBVENCIONS CONCORRENCIA COMPETITIVA ANO 2016";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1622** [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]";"8/11/16 17:51";"REQUIRIMENTO";"454/2016";"AXVIII Licenza de Primeira Ocupación";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1621** [RESOLUCION APROBACION BASES E CONVOCATORIA SUBVENCIONS DEPORTE]";"8/11/16 13:38";"RESOLUCION APROBACION BASES E CONVOCATORIA SUBVENCIONS DEPORTE";"895/2016";"SUBVENCIONS CONCORRENCIA COMPETITIVA ANO 2016";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1620** [RESOLUCION APROBACION BASES E CONVOCATORIA SUBVENCIONS FIN SOCIAL]";"8/11/16 13:38";"RESOLUCION APROBACION BASES E CONVOCATORIA SUBVENCIONS FIN SOCIAL";"895/2016";"SUBVENCIONS CONCORRENCIA COMPETITIVA ANO 2016";"subscricións completa"



"**DECRETO 2016-1619** [110816 exp. 12.03.467.16 medidas cautelares bugus a pasaxe]";"8/11/16 10:13";"Resolución medidas cautelares";"467/2016";"D3 Expediente de reposición da legalidade";"cancelado"

"**DECRETO 2016-1618** [110816 exp. 12.03.467.16 medidas cautelares bugus a pasaxe]";"8/11/16 9:38";"Resolución medidas cautelares Bugus A Pasaxe";"467/2016";"D3 Expediente de reposición da legalidade";"cancelado"

"**DECRETO 2016-1617** [TOMA DE RAZON]";"8/11/16 9:33";"AUTORIZACION";"746/2016";"AVII Comunicación Previa de Obra";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1616** [Resolución de Alcaldía modificación 18-16]";"8/11/16 8:02";"MODIFICACION CREDITO 18/16 (TRANSFERENCIA CREDITO GASTOS SEN CREDITO)";"903/2016";"Modificación orzamentaria nº 18/16 (gastos sen crédito)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1615** [resolución alcaldía Acta comedor 6º RESOLUCION 2016-2017]";"8/11/16 8:01";"CONCESION AXUDAS COMEDOR ESCOLAR 6º RESOLUCION (ACTA 20/10/16)";"14/2016";"COMEDOR ESCOLAR 2016-2017";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1614** [DECRETO 2016 AMORTIZACION PRESTAMO BBVA [(favorable)]]";"8/11/16 7:59";"AMORTIZACION PRESTAMO BBVA 75950";"798/2016";"PRESTAMO BBVA 75950 (RELACION190)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1613** [DECRETO 2016 AMORTIZACION PRESTAMO BBVA [(favorable)]]";"8/11/16 7:58";"AMORTIZACION PRESTAMO BBVA 53803";"797/2016";"PRESTAMO BBVA 53803 (RELACION 189)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1612** [RESOLUCIÓN PERMISOS, LICENZAS, VACACIONS FUNCIONARIOS]";"7/11/16 20:35";"Concesión ou denegación de permisos, licenzas ou vacacións a persoal funcionario do Concello";"268/2016";"PERMISOS, LICENZAS OU VACACIONS ANO 2016";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1611** [RESOLUCIÓN PERMISOS, LICENZAS, VACACIONS LABORAIS]";"7/11/16 13:37";"Modificación resolución de concesión de permisos a persoal laboral por ilexibilidade do documento";"268/2016";"PERMISOS, LICENZAS OU VACACIONS ANO 2016";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1610** [Resolución de Alcaldía (favorable) 907-16]";"7/11/16 13:35";"Anuncio Doga Delimitación do ámbito do núcleo rural de Penalba (relación 195)";"907/2016";"Anuncio Doga Delimitación do ámbito do núcleo rural de Penalba (relación 195)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1609** [Resolución de Alcaldía (favorable) 908-16]";"7/11/16 13:35";"Anuncio Doga Delimitación do ámbito do núcleo rural de San Roque (Relación 196)";"908/2016";"Anuncio Doga Delimitación do ámbito do núcleo rural de San Roque (Relación 196)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1608** [resolución anticipo nomina paga extra decembro Mª Carmen Rodríguez Pérez]";"7/11/16 13:35";"Solicitud de anticipo da paga extra de decembro





CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

da traballadora M<sup>a</sup> Carmen Rodríguez Pérez";"223/2016";"Ficha de Empregado M<sup>a</sup> Carmen Rodríguez Pérez";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1607** [071116 cpm]";"5/11/16 14:41";"c.paritaria mixta 7.11.16";"886/2016";"comisión paritaria mixta 7.11.16";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1606** [Xulgado]";"5/11/16 13:18";"Nomeamento avogada e procuradora en procedemento ordinario 533/2016 do Xdo. de Primeira Instancia e Instrución n.º 9 de Vigo."; "885/2016";"Procedemento ordinario 533/2016. Xdo. Primeira Instacia n.º 9 de Vigo. Adela Dorinda Couto González";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1605** [RESOLUCIÓN PERMISOS, LICENZAS, VACACIÓNS LABORAIS]";"5/11/16 13:17";"Resolución permisos, licenzas e vacacións de persoal laboral";"268/2016";"PERMISOS, LICENZAS OU VACACIÓNS ANO 2016";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1604** [RESOLUCION TOMA DE RAZON]";"4/11/16 14:19";"TOMA DE RAZON";"87/2016";"Comunicación Previa de Obra";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1603** [MEDIDAS CAUTELARES 28.10.2016]";"4/11/16 14:16";"Resolución medidas cautelares";"467/2016";"D3 Expediente de reposición da legalidade";"cancelado"

"**DECRETO 2016-1602** [Resolución da Alcaldía pax57.16 Adquisición lavadora]";"4/11/16 10:43";"EMERXENCIA SOCIAL PAX 57/16 ADQUISICION LAVADORA";"871/2016";"Emerxencia social Santiago Martínez Puime (PAX 57/16 Gondomar)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1601** [Resolución da Alcaldía pax 56.16 MATERIAL ESCOLAR]";"4/11/16 9:28";"EMERXENCIA SOCIAL PAX 56/16";"870/2016";"Emerxencia social material escolar -Diana Alexandra Silva Almeida (PAX 56/16)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1600** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)"]";"4/11/16 9:26";"Aprobación de Facturas. Relación 159. Delia Prado Figueroa (DESFAV.)";"294/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 159. Delia Prado Figueroa";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1599** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)"]";"4/11/16 9:26";"Aprobación facturas. Relación 184. Fact. recib. ago/16 con reparo";"721/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 184. Fact.recib.AGO/16 CON REPARO";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1598** [Resolución da Alcaldía pax 55.16 ALQUILER]";"4/11/16 0:58";"EMERXENCIA SOCIAL PAX 55/16";"869/2016";"Emerxencia social Ignacio Puga Veiga(PAX 55/16)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1597** [Resolución da Alcaldía pax 54.16 ALIMENTOS NOVIEMBRE]";"4/11/16 0:58";"EMERXENCIA SOCIAL-PAX 54/16 ADQUISICION ALIMENTOS";"863/2016";"Emerxencia social Adquisición Alimentos novembro (PAX 54/16)";"subscricións completa"



**"DECRETO 2016-1596** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)];"2/11/16 23:18";"Aprobación de Facturas. Relación 192. Fact.Elect.JUL/16 Servicios (DESFAV)";"799/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 192. Fact.Elect.JUL/16 (servicios)";"subscricións completa"

**"DECRETO 2016-1595** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)];"2/11/16 23:18";"Aprobación de Facturas. Relación 191. Facturac.electr.ago/16 Servicios (DESFAV)";"801/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 191. Facturac.electr.ago/16 (Servicios)";"subscricións completa"

**"DECRETO 2016-1594** [Resolución de Alcaldía (desfavorable)];"2/11/16 23:17";"Aprobación de Facturas. Relación 193. Gas gardería (DESFAV)";"800/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 193. Gas gardería";"subscricións completa"

**"DECRETO 2016-1593** [Resolución adhesión convenio residuos elect];"2/11/16 23:17";"Adhesión convenio marco recollida aparellos eletricos e eletrónica";"599/2016";"Convenio marco de adhesión en materia de gestión de

**"DECRETO 2016-1592** [TOMA DE RAZON];"2/11/16 13:43";"REQUIRIMENTO";"97/2016";"Comunicación Previa de Obra";"subscricións completa"

**"DECRETO 2016-1591** [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO];"2/11/16 13:42";"REQUIRIMENTO";"478/2016";"AVI Comunicación Previa de Actividade";"subscricións completa"

**"DECRETO 2016-1590** [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO];"2/11/16 11:02";"REQUIRIMENTO";"750/2016";"AVII Comunicación Previa de Obra";"subscricións completa"

**"DECRETO 2016-1589** [103116 exp. 11064.454.16 cambio titularidade de obras];"2/11/16 10:55";"Resolución de toma de razón cambio titularidade";"454/2016";"AXVIII Licenza de Primeira Ocupación";"subscricións completa"

**"DECRETO 2016-1588** [103116 exp. 01P.16.587.16 resolución nova exposición pública];"2/11/16 10:54";"RESOLUCION DELIMITACION N.R. SAN ROQUE";"587/2016";"U1 Delimitación de solo de núcleo rural";"subscricións completa"

**"DECRETO 2016-1587** [311016, plan de saúde rúa emigrante];"31/10/16 14:33";"aprobación plan de coordinación rúa emigrante entre ángel urzaiz e rúa levada do beco";"822/2016";"reforma rúa emigrante entre rúa ángel de urzais e a rúa levada do beco 21/15";"subscricións completa"

**"DECRETO 2016-1586** [Decreto da convocatoria];"31/10/16 14:13";"Convocatoria XGL 02.11.2016";"XGL/2016/2";"Convocatoria de Xunta do Goberno Local";"subscricións completa"

**"DECRETO 2016-1585** [RESOLUCION NOVO PERIODO DE INFORMACION PUBLICA 28.10.16];"28/10/16 16:13";"resolución delimitación núcleoopenalba";"586/2016";"U1 Delimitación de solo de núcleo rural";"subscricións completa"



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

"**DECRETO 2016-1584** [Decreto da convocatoria]";"28/10/16 14:43";"Convocatoria Pleno 13-16";"PLN/2016/6";"Convocatoria de El Pleno";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1583** [EXECUCION FORZOSA. SUSPENSION E ORDE DE DEMOLICION 28.10.2016]";"28/10/16 13:58";"RESOLUCION EXECUCION FORZOSA";"788/2016";"D3 Expediente de reposición da legalidade";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1582** [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]";"28/10/16 13:57";"REQUIRIMENTO";"791/2016";"AXVI Licenza de obra";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1581** [TOMA DE RAZON]";"28/10/16 13:52";"TOMA DE RAZON";"321/2016";"AVII Comunicación Previa de Obra";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1580** [resolución bosque de ribeira16]";"28/10/16 11:14";"resolución bosque ribeira 112/15";"19/2016";"Recuperación e posta en valor do bosque da ribeira do rio miñor . Expdte.-112/15";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1579** [Resolución de Alcaldía RECLAMACION PATRIMONIAL ALEJANDRO TOMBILLA EX.96/14. Relación 185]";"28/10/16 11:02";"RECLAMACION PATRIMONIAL ALEJANDRO TOMBILLA EX.96/14. Relación 185";"757/2016";"RECLAMACION PATRIMONIAL ALEJANDRO TOMBILLA EX.96/14. Relación 185";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1578** [padróns taxas resolución]";"28/10/16 10:33";"padrón taxas 2016";"668/2016";".Procedemento Xenérico (Recadación)";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1577** [RESOLUCIÓN NÓMINA OUTUBRO]";"28/10/16 0:45";"Relación de nóminas do mes de outubro dos empregados públicos";"469/2016";"NÓMINA OUTUBRO";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1576** [Resolución de Alcaldía (favorable)-1]";"28/10/16 0:43";"ACHEGA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO 2016 (RELACION 186)";"775/2016";"MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1575** [Resolución de Alcaldía (favorable)]";"28/10/16 0:40";"Aprobación de Facturas. Relación 178. P.P. facturas recib. AGO/16";"706/2016";"Aprobación de Facturas. Relación 178. P.P. facturas recib. AGO/16";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1574** [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]";"27/10/16 10:38";"RESOLUCION REQUIMIENTO";"718/2016";"AVII Comunicación Previa de Obra";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1573** [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]";"27/10/16 10:37";"REQUIRIMENTO";"701/2016";"AXVI Licenza de obra";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1572** [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]";"27/10/16 10:30";"REQUIRIMENTO";"630/2016";"AVII Comunicación Previa de Obra";"subscricións completa"

"**DECRETO 2016-1571** [RESOLUCION INCOAC.SANCIONADOR 26.10.16]";"27/10/16 9:49";"RESOLUCION INCOAC.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
GONDOMAR  
(Pontevedra)

SANCIONADOR";"665/2016";"D3 Expediente de reposición da legalidade";"subscricións completa"

**O Pleno da Corporación Municipal queda informado.**

**b. Execución trimestral orzamento 2016 (3º trimestre) Exp. 1139/2016.**

Pola Presidencia dáse conta do Informe de Intervención de data 24.11.2016 que ten como conclusión o seguinte:

**“IV. CONCLUSIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN:**

*Cos datos de execución orzamentaria existentes a 30 de setembro de 2016, o Concello de Gondomar:*

*Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, estimándose unha capacidade de financiamento ao peche do exercicio de 697.144,65 €.*

*Cumpre co obxectivo de débeda viva.*

*O modelo deseñado pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais para a remisión de información por parte do Interventor municipal do 3º Trimestre de 2016 establece que debe darse conta ao Pleno do Informe de Intervención de avaliación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

*Sinalar a este respecto, que no caso de que poida derivarse o mesmo incumprimento no Orzamento, modificacións e/ou liquidación, haberá que aplicar o artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, onde se establece que a entidade local debe remitir o informe á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira no prazo de 15 días, contados dende o coñecemento deste informe polo Pleno, debendo aprobarse polo Pleno un Plan Económico-Financeiro de reequilibrio a un prazo máximo dun ano (art. 21 LOEPSF) co contido e na forma que establecen os artigos 19 a 21 do citado regulamento, no prazo máximo de tres meses. Dito plan obterase como consolidación dos plans individuais das entidades que se inclúen no análise.*

*Aprobación e publicación (artigo 23.4 da LOEPSF) (artigos 21, 22, 24 e 26 do REGULAMENTO):*

*O plan económico-fi aneiro, no seu caso, debe ser elevado ao Pleno no prazo máximo dun mes dende que se pofa de manifesto o desequilibrio, e no caso das Entidades Locais non incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 TRLRHL, o plan non requirirá ningunha aprobación adicional, debendo ser comunicado ao órgano competente da tutela da Comunidade Autónoma.*



*O Pleno dispón de dous meses dende a presentación do plan para a súa aprobación.*

*As responsabilidades por incumprimento desta obriga detállanse no artigo 25 LOEPSF.*

*Neste senso, informar que no informe de Intervención emitido en relación á Liquidación do Orzamento do ano 2015 manifestábase o seguinte: "Á vista do informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, despréndese que a liquidación do orzamento non cumpre o obxectivo de regra de gasto en 73.868,69 euros, polo que se deberá elaborar un plan económico-financeiro, de acordo co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cuxa vixencia se estenderá durante o ano en curso e o seguinte".*

*A este respecto, existe un Plan Económico Financeiro para o exercicio 2016-2017 aprobado pola Xunta de Goberno en data 08 de xullo de 2016, previa no aprobación polo Pleno da Corporación en data 07/07/16. Esta aprobación realizouse en virtude da Disposición Adicional 16 da Lei 7/85, ao estar vixente a mesma por non constar a publicación da Sentenza do Tribunal Constitucional do 9 de xuño de 2016 (BOE 15/07/16). Sentenza 111/2016.*

*É canto se ten a ben informar. Non obstante, esa autoridade, co seu superior criterio resolverá o máis conveniente para os intereses municipais.*

**O Pleno da Corporación Municipal queda informado.**

**c. Expediente 1156/2016. Información a remitir ao Pleno da Corporación de decembro por parte do Departamento de Intervención.**

Pola Presidencia dáse conta da informe periódico de data 25.11.2016 do Departamento de Intervención ao Pleno da Corporación que consta de:

1. Oficio de remisión da Intervención Xeral á Alcaldía-Presidencia.
2. Contido:
  - A. Informe-Resumo das Resolucións de Alcaldía adoptadas contrarias aos reparos efectuados.
  - B. Execución do orzamento de gastos no exercicio corrente.
  - C. Execución do orzamento de ingresos no exercicio corrente.
  - D. Movementos e situación da Tesourería.

**O Pleno da Corporación Municipal queda informado.**

## **7. Mocións.**



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Como ben agora na orde do día quedan reflectidas as mocións literalmente, como son presentadas, co seu título, coa súa nomenclatura, que creo que é como ademais mellor deberían quedar e mellor deberían traerse aquí, por iso todas aquelas que se presenten antes da súa convocatoria do Pleno, son mocións ordinarias e serán incluídas na orde do día, posteriormente se houbera algunha moción como xa expliquei fóra ou despois da convocatoria terían que ser presentadas aquí como mocións urxentes, defendela súa urxencia, someter a votación a urxencia e en caso de que saia adiante pois o debate da mesma, eu creo que é unha maneira mais garantista e mellor para o funcionamento desta corporación, deste xeito, polo tanto;

**7.a. Moción presentada en data 28.11.2016 polo Concelleiro D. Pauliño del Río Iglesias Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa á Canalización Augas Pluviaís da PO-332 ao seu paso por Vendas, Vilaza.**

*Defende esta moción o Concelleiro D. Pauliño del Río Iglesias*

**MOCIÓN** : CANALIZACIÓN AUGAS PLUVIAIS DA PO-332 AO SEU PASO POR VENDAS, VILAZA.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*A estrada de propiedade autonómica P0-332 Pego Negro- Nigrán ao seu paso pola parroquia de Vilaza á do Barrio da Rocha atravesa o camiño municipal de Vendas, no punto quilométrico 6.5, quedando este dividido en dous , unha parte superior que vai cara a Tercias Lourido e un tramo inferior que vai de Vendas cara a Trigueira.*

*O desaugadoiro de pluviaís que tradicionalmente se producía no tramo superior ía cara a parada do autobús que está en fronte do remate do "Guadarrama" coa P0-332 onde hai unha arqueta e desta se canalizaba cara o río. No arranxo e ampliación da estrada autonómica trocouse a saída deste tramo superior do camiño de Vendas, que antes estaba situado cara o Pego Negro e se situou despois da curva cara a Areíña .*

*A Dirección Xeral de Estradas da Xunta de Galiza, despois de realizar as obras, cambiando a dirección de saída do camiño, puxo unha nova arqueta que fai que as augas pluviaís non se dirixan cara á parada de autobuses e o río, senón que atravesa transversalmente a estrada e vai cara unha propiedade particular e despois de discorrer por esta cae no tramo inferior do camiño de Vendas cara a Trigueira, producindo como é natural diversos desfeitas nos eidos e muros que atravesa e despois descorre sen ningún tipo de canalización polo camiño público municipal, coas molestias evidentes para os veciños e veciñas e un aumento do perigo para o tránsito rodado.*

*As diversas conversas e contactos que se tiveron coa administración propietaria da estrada e polo tanto responsable do seu mantemento, seguridade e canalización das pluviaís non deron ata o momento un resultado satisfactorio, nin as conversas mantidas co Goberno Municipal.*

*O problema segue aí, e hai que darlle unha solución acaída.*

*Por todo o anteriormente exposto e polo que solicito tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguinte*



C O N C E L L O  
D E  
**G O N D O M A R**  
(Pontevedra)

**ACORDO:**

*O Pleno do Concello de Gondomar insta á Xunta de Galiza, Consellaría de Infraestruturas e Vivenda, delegación de Pontevedra para que, previos os tramites e estudos pertinentes, solucione a canalización de augas pluviais da PO-332 no Barrio de Vendas na parroquia de Vilaza en Gondomar.*

*Que o Sr. Alcalde dea conta a este Pleno das xestións realizadas ao efecto.*

**DELIBERACIÓN**

**Sr. Alcalde:** Grazas Sr. del Río, paréceme, dende este Goberno nos parece ademais moi boa esta moción porque reforza mais se cabe a actuación xa levada a cabo por nos, como ben sabe ao inicio deste mandato, deste Goberno xa se levaron a cabo actuacións nesa estrada, entre elas pois a mellora de accesos a camiños municipais, cambiouse a sinalización vertical, mesmo de perigo para indicar as proximidades dun colexio infantil, levouse a cabo algún tramo de senda peonil, colocáronse os varandas para motoristas, cambiouse firme desa calzada e evitouse ademais que ese punto, xustamente aquí, que era considerado un punto negro en materia de tráfico, quedara medianamente arranxado, ou arranxado coa sinalización e os cambios levados a cabo nese tramo. Polo tanto vaia por diante o agradecemento deste Goberno ou persoalmente deste Alcalde á Xunta de Galiza que nada mais poñerse en contacto con ela e co vixiante desa zona atendeu todas estas demandas, estivemos alí falando cos veciños e mesmo se canalizaron as augas. Si que é certo que nese tramo hai unha canalización por debaixo desa estrada que vai a unhas fincas particulares e que discorren, teñen unhas escorrentías, valéndose polo terreo que hai, accidental e que teño entendido tamén que é certo que dende sempre ou non, pero bueno dános igual, estamos ademais para buscarlle unha solución, xa estivemos alí o vixiante e o enxeñeiro da Xunta son coñecedores desto, eu sei que están traballando en elo e aproveitando esta moción, cando vostede a presentou, pois quen lle fala o primeiro que fixo, foi volver outra vez a contactar co vixiante e coa autoridade e ademais o titular desta vía para ver como estaba este proceso e a verdade que si se está facendo, se está estudando pero non todo o que a min me gustaría. Polo tanto instaremos como ben di vostede, pois á Consellería de Infraestruturas para que arranxen este problema, estaremos moi pendentes, por suposto para que o solucionen pero si que é certo que aí levan feito actuacións importantes nese viario e en outros ¿non? grazas, nos pola nosa parte agradecemos ademais que haxa presentado esta moción e que bueno estea vostede aí para sempre lembrarnos moitas veces que temos que estar mais activos do que estamos, moitas grazas.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado.

**VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Moción presentada en data 28.11.2016 polo Concelleiro D. Pauliño del Río Iglesias do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa á CANALIZACIÓN AUGAS PLUVIAIS DA PO-332 AO SEU PASO POR VENDAS, VILAZA.**



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
GONDOMAR  
(Pontevedra)

**7.b. Moción presentada en data 28.11.2016 polo Concelleiro D. Pauliño del Río Iglesias Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa á Verquido saneamento no Seixidal, Rocha, Vincios.**

*Defende esta moción o Concelleiro D. Pauliño del Río Iglesias*

**MOCIÓN: VERQUIDO SANEAMENTO NO SEIXIDAL, ROCHA, VÍNCIOS.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Dende Gondomar Concello Aberto denunciámos o 27 de setembro un verquido de augas residuais orixinado no colector de saneamento do Zamáns á altura do barrio de Rocha na parroquia de Vincios, concretamente na Ponte do Seixidal a 100 metros cara Zamáns . No entronque entre o colector principal e o ramal secundario. Este verquido afectou ás beiras e ao propio río Zamáns e se produciu durante esa fin de semana.*

*Dende Gondomar Concello Aberto pedímoslle ao goberno municipal, Concellaría de Infraestruturas e Servizos Básicos que tomara cartas no asunto, avaliara os seus efectos, minimizara o seu impacto e puxera os medios necesarios para que non se volviera producir.*

*Esperabamos do Goberno municipal unha actuación inmediata que contribuirá a crear consciencia entre a veciñanza sobre a importancia de mantermos limpos e saudábeis os nosos ríos. A concienciación, educación e participación cidadán na defensa dos nosos ríos debe estar avalada por unha actuación coherente, rápida e eficaz dos responsables políticos para manter unhas infraestruturas en condicións mínimas que permitan unha mellora na conservación, coñecemento e mellora dos espazos fluviais.*

*Nada do solicitado por esta formación política ao goberno municipal se levou a cabo. Nada fixo a concellaría de Infraestruturas e Servizos Básicos, que obviou o asunto.*

*Froito desta inacción do Sr.Alcalde e concelleiros responsables é que o verquido de augas fecais volveuse producir días despois, entre o 13 e o 14 de outubro.*

*No pasado Pleno Ordinario do mes de outubro, celebrado o día 6, preguntamos por este asunto sen que o Sr. Alcalde ou área responsable delegada se dignase nin tan sequera a contestar.*

*Existe na parroquia de Vincios unha evidente e lóxica preocupación por estes verquidos continuados nas beiras e no propio río Zamáns. Co agravante da súa localización, debemos ter en conta a situación da area de verquido que por estar situada na zona alta da canle afecta a gran parte do curso do río e a propia Foz do Miñor. Xerando un problema medioambiental e de saúde pública.*

*Hai uns días fomos informados pola veciñanza de que se volveran producir de novo os verquidos no mesmo sitio. A contaminación nas beiras e no propio río é a día de hoxe considerable.*

*Este Grupo axuntou xunto coa moción unhas fotografías que deixan ben ás claras cal é a*





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

*situación deste punto conflictivo do saneamento, eu a derradeira vez que estiven alí en compañía duns veciños, levantábase a tapa da arqueta e estaba a menos, entre trinta e vinte e cinco e vinte cm. nun día sen chover pasaba a auga dese verquido polo tanto é bastante probable que en canto volva chover, vólvanse a producir de novo mais verquidos e vai estar constantemente iso botando saneamento cara fóra. Temos que ter en conta que esa tubaxe que vai pola marxe do río, que bueno en realidade a tubaxe e a tapa da arqueta non está no barrio da Rocha, está no Salgueiro porque está no outro lado do río pero o saneamento que vai alí é do barrio da Rocha, bueno é bastante preocupante, non hai mais que ir por aí, por ese camiño, hai case cen metros de cor marrón, e non vou dicilo que significa de cor marrón, polo camiño e hai gran parte desa contaminación que vai ao río. O Goberno Municipal fixo unha actuación, que nos pareceu, curiosamente este colector está xunto ao peirao que servía ao muíño do Seixidal e ao pontón que arranxou fai pouco o Goberno Municipal e que quedou ben, e o muíño está aí, antes dende ese pontón polo camiño por onde agora discorre o saneamento ía a levada que facía funcionar ese muíño e agora ese camiño está cheo de cor marrón. Gustaríanos que actuara o Goberno Municipal neste punto e solucionara este asunto porque evidentemente vai ser recorrente,*

*Por todo o anteriormente exposto e polo que solicito tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguinte*

**ACORDO:**


*O Pleno do Concello de Gondomar insta ao goberno municipal a solucionar de xeito urgente este punto de verquido ao río Zamáns no Seixidal, barrio da Rocha na parroquia de Vincios, solucionando o verquido da rede de saneamento neste punto, e implementando as medidas necesarias para corrixir esta situación.*



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

*Que o Sr. Alcalde dea conta a ese Pleno das xestións realizadas ao efecto.*





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)





CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontavedra)

### DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Grazas Sr. del Río, teño que darlle unha vez mais a razón e as grazas pola presentación desta moción e por advertirnos deste verquido. Somos conscientes de elo, de feito tanto a Concelleira de Servizos Básicos como o Concelleiro de Medio Ambiente son coñecedores e se está ademais levando a cabo o estudo técnico para emendar este problema coa súa correspondente memoria valorada e petición de informes aos técnicos municipais. Tamén se levou a cabo a inspección de C.P.V. da Xunta de Galicia, levantándose acta dese verquido, onde tamén estivo presente a Concelleira Iria Lamas de Servizos Básicos, e ten toda a razón do mundo, cando di que Gondomar pois ten un problema de saneamento, ten un problema aí, xusto nese punto, un problema que xa ven de atrás, como é de todos sabido, ten tamén un problema na rúa Párroco Mariño, un bloque de edificios soltando tamén augas fecais para a vía pública que estamos tamén no intre de solucionalo, despois de tantos anos e de tantas queixas, tamén o imos a facer e tamén non temos que esquecer que temos un problema tamén grave de verquidos ao río Miñor e so hai que poñerse mais abaixo do matadoiro para mirar que a mesma cor, que vostede antes facía mención e que non quixo dicir porque xa todos sabemos, tamén pasa polo río Zamáns e todos sabemos tamén a que é debido e ao mellor como habería que arranxar ese tema ¿non? pero si que temos un problema de saneamento en Gondomar, un problema grave, somos conscientes e só temos un inconveniente, o financiamento necesario para poder afrontalo tal e como nos gustaría. Eu creo que con dez millóns de euros deixariámolo mais ou menos arrombado pero non pode ser. Polo tanto imos atender a estas medidas, a estas actuacións que urxen, estes puntos de descontrol e concretamente este, estamos en elo e a Concelleira antes me dicía que esa pregunta que vostede facía no Pleno anterior respecto a isto, que como non figurou na acta pois tampouco lla contestou pero vailla facer chegar xa por correo electrónico mañá mesmo, mesmo coa documentación que teñamos, copia da acta, é dicir todo o que obre aí e a documentación se lle vai a trasladar. Cantos mais sexamos a solucionalos problemas pois moito mellor, ten que desculpar que na acta non estaba, senón lle houbera contestado sen lugar a dúbidas. Ben ten a palabra o Tenente Alcalde, o Concelleiro de Medio Ambiente Antonio Araújo, grazas.

Sr. Antonio Araújo: Si eu a ver, estamos de acordo coa moción, evidentemente, pero simplemente quería lembrar, o Alcalde dixo que tiñamos un problema, eu creo que temos dous problemas ¿non? Temos un problema evidente de falta de calidade nas instalacións da rede construída de saneamento que está mal construída dende hai anos e ese tipo de problemas, témolos aí en catro, cinco, dez sitios, non lle sei dicir, non vou lembrar aquí o bombeo da Torre que cada dous por tres estrágase e hai que arranxalo e aínda por riba custa e tal pero logo tamén temos un problema e tamén teño que dicilo así de claro, tamén temos un problema non sei si de desinformación ou chamarlle directamente de civismo, eu tamén fun ver ese verquido igual que tamén fun velos demais e realmente hai cousas que non se poden botar polos sumidoiros, polos sumidoiros non poden vir trapos, cueiros, plásticos, eta., etc., etc. e iso atasca e iso non pode vir, iso está aí, vese nas fotografías tamén. Nese senso adiántolles que en breve, pronto, en breve, a primeiros de ano, pois si serve de alguén ou por si alguén pois entende a problemática pois farase unha campaña de sensibilización ou de información a todo Gondomar para que todo o mundo saiba o que non se debe de votar polos sumidoiros porque si non atascan e enchen a depuradora, a depuradora non funciona eta., eta., etc., é dicir, insisto temos dous problemas. Probablemente o tema das tubaxes sexa o mais fácil de resolver porque con cartos arránxase, o problema de civismo ao mellor costa un pouquiño mais, haberá que intentalo, grazas.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Araúxo, ¿non hai ningunha intervención mais?, ¿ninguén pide a palabra?

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete a urxencia desta moción a votación ordinaria co seguinte resultado.

### **VOTACIÓN E ACORDO**

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Moción presentada en data 28.11.2016 polo Concelleiro D. Pauliño del Río Iglesias do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa á VERQUIDO SANEAMENTO NO SEIXIDAL, ROCHA, VÍNCIOS.

### **8.Rogos e preguntas.**

#### **ROGOS:**

Sra. Durán: E bueno, remato, fago ao revés remato con dous Rogos, sei que están arranxando varios parques infantís, xa lle, nun Pleno anterior ou fai dous Plenos, lle pedía que fixera un arranxo no infantil de Chaín e tamén nos chegaron queixas dos veciños do centro do casco urbano de Gondomar no pequeno que hai en Ánimas, por onde entran ás de Igualdade, xa fixeron as obras, e despois rogarlle unha limpeza xeral e profunda dos colectores a tódolos niveis.

Sr. Pauliño del Río: Grazas Sr. Alcalde, en principio vou empezar por tres rogos. Rogaría que na documentación que se pon á disposición das Concelleiras e Concelleiros desta Corporación Municipal se axunten, na relación de gastos, as facturas como ata agora, na relación de facturas que aparece nas resolucións da Alcaldía aparece unha resolución que di de tal factura a tal outra pero non se anexa unha relación pormenorizada como se facía antes. Iso impide a fiscalización e control por parte da Oposición ao Goberno. Gustaríanos simplemente anexalas como a outra vez. Da mesma maneira que digo isto tamén é certo que eu solicitei esas facturas e me foron postas a disposición inmediatamente pero evidentemente, a xente que non foi ao Concello, pois non ten acceso a ese listado das facturas, polo tanto rogo que se emende este tema.

Por outro lado gustaríame que se axuntaran á documentación Plenaria as respostas feitas por vostede ou polos membros do seu Goberno ao respecto das contestacións que dan, porque hai unhas que quedan aquí, e que constan en acta, e hai outras que se entregan por escrito e esas non quedan reflectidas de forma oficial por ningún lado, ¿correcto? Polo tanto estaría ben que vostedes articulen, pois non sei mediante unha resolución de Alcaldía figurando a resposta, eta., busquen vostedes os mecanismos porque estaría ben que esas respostas, que vostedes dan por escrito, tamén formaran parte do expediente do Pleno Municipal.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

E despois outro rogo, o derradeiro, Sr. Alcalde, vostede nos representa a todos, rógolle que non nos falte á verdade, vouno deixar así, non nos falte á verdade, vostede faltou a unha Xunta de Voceiros, sábeo perfectamente, e despois saíu na prensa e dixo que o erro fora un problema informático e que non estaba convocado o lugar e despois, na documentación do Pleno, aparece unha resolución da Alcaldía onde di Sala de Xuntas, bueno igual hai outro Francisco Ferreira que se fai pasar polo Alcalde de Gondomar e actúa nas redes, si é así poñano en busca e captura, de non ser así aquí está, nesta resolución aparece Sala de Xuntas, non hai necesidade, sinxelamente non hai necesidade de chegar, creo eu, ao mellor é que son un pouco inxenuo, de chegar a estes extremos.

Despois gustárame, na parroquia de Borreiros estanse facendo obras dun transformador, está actuando; creo que debe ser Fenosa a través dos Irmáns López, están abrindo o camiño e pechando, simplemente non é unha pregunta, é un rogo, rógolle de que vixíen unha vez que se bota ese piche porque as veces o novo asfaltado que se bota non queda ben e unha vez rematada a obra quen ten que pagar os arranxos conseguintes é o erario público polo tanto a todos os veciños e veciñas de Gondomar gustaríanos que vixiaran esa obra que se está a facer.

Sr. Villar: Moitas grazas Sr. Alcalde, bueno a primeira pregunta, bueno é un rogo, mais que nada, é para a Sra. Lameiro, é sobre a Política do Plan de Igualdade, bueno nos estamos bastante a favor da reutilización na medida do posible, pero neste Plan que está repartido na entrada, figuran as datas de 2012-2015, simplemente dicir que igual compre neste caso redeseñalo documento porque pode dar lugar a confusión, igual si a xente mira no documento 2012-2015 igual interpreta que non está vixente, como rogo, ese é o rogo.

Sra. Fernández: Dicir que no barrio de Brandufe hai fochancas e hai que ir a ver si é posible pasar para tapalos, e nada mais grazas.

### **PREGUNTAS:**

Sr. Alcalde: Sr. Durán, ten vostede a palabra.

Sra. Durán: Grazas Sr. Alcalde. Moi boas tardes a todas e a todos. Antes de comezar cos rogos e as preguntas desta convocatoria, gustárame que me permitira o Sr. Alcalde facer referencia ás respostas dunhas preguntas que fixen no Pleno de novembro, porque así xa non as volvo a preguntar. Con respecto ao Concelleiro Sr. Araúxo Rodríguez que lle preguntaba polo asunto do mercadillo, que quería acceder ao expediente, pero sobre todo que quería mirar os datos das enquisas. Pois lamentablemente responde que a recollida física foi destruída unha vez que anotaron os datos, pois a verdade é que elimina vostede a proba, e lamento moitísimo que tomase vostede esa decisión de destruír as enquisas que precisamente teñen que sela base de ese expediente, de tódolos xeitos lle solicitarei por vía telemática, xa lle solicitarei o acceso ao expediente, o que teña aí de expediente, pero creo que eliminou vostede a parte mais importante, porque dentro do que hai, das partes afectadas por esa decisión que de momento é unha proposta, pois evidentemente pois quedámonos sen os elementos probatorios suficientes para saber si está xustificada dalgún xeito esa decisión, que de



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

momento polo que nos teñen explicado a este grupo, mais ben é unha decisión unilateral do Concelleiro.

Tamén quería contestarlle á Concelleira Sra. Lameiro polas respostas ás preguntas que lle fixen en nome do Grupo Popular. Empezo pola segunda, lle preguntaba polos cursos on-line e a súa resposta é, que lle preguntaba porque había tan pouca oferta, por qué soamente habla tres cursos e me di, porque o seu proxecto como Concelleira política é outro, a verdade que me gustaría coñecer cál é o seu proxecto pero lle vou a lembrar que este Goberno, esta Corporación prorrogou porque este Goberno non fixo un novo Plan Municipal, prorrogou o III Plan Municipal aprobado polo Goberno anterior, pois moi ben, pois o segundo alicerce dese Plan de Igualdade baséase fundamentalmente en fomentar e axudar a empregabilidade das mulleres fomentando a súa formación, polo tanto creo que a formación é moi importante e que vostede xa cargou ou está cargando completamente como xa, como outras actividades que estaban en marcha, lle lembro isto ten vostede o III Plan. A primeira pregunta que lle fixen foi polo da subvención a que este Concello, a Concellería de Igualdade non concorreu e a súa resposta é que me deixa moi asombrada. Este Plenario no Pleno do 3 de marzo acordou a prórroga dun Plan, non me pode dicir vostede que a súa Concellería non tivo tempo nin ideas de ter outro proxecto co que concorrer a esta subvención, creo que coa resposta aínda queda vostede peor do que xa quedou.....

Sr. Alcalde: Sra. Lameiro, por favor.

Sra. Durán: Si por suposto que é o que eu penso e me estou dirixindo a vostede porque coñezo moi ben esa Concellería e coñezo moi ben a función que desempeñan as mulleres, as funcionarias que traballan nesa Concellería, polo tanto me dirixo a vostede e a acuso a vostede. Non concorreu pero a reposta que deu a deixa en bastante peor lugar. Outros Concellos e aí está a listaxe das subvencións que foron concedidas, non soamente se dedicaban a Plans de Igualdade ou a Avaliacións de Plans, hai mais actividades e tiveron bastante tempo para poder organizar. Isto con respecto ás preguntas do anterior Pleno.

E me gustaría saber, que a Concelleira de Igualdade me respondese qué actividades se fixeron este ano cos Centros Educativos de Gondomar tanto nos Colexios de Primaria como nos Institutos en materia de Igualdade.

Quixera preguntarlle tamén ao Sr. Alcalde si xa teñen mais ou menos dirixido o asunto que está estes días nos medios de comunicación, que está en palestra, sobre o nomeamento deste segundo representante do Concello de Gondomar para a Área Metropolitana de Vigo, que lle lembro por certo que dixo vostede nos medios de comunicación que o nomeamento fora

aprobado por unanimidade do Plenario e faltou vostede á verdade. Este Grupo votou en contra, polo que expuxo naquel momento o Sr. Guitián con relación ao criterio seguido á hora de tomar esa decisión e de facer o nomeamento do segundo representante de Gondomar, tiña razón o Sr. Guitián, parece que ese nomeamento non está ben feito e quixera saber si xa teñen mais ou menos falado e dentro da propia Área na reunión que creo que tiveron esta mañá previa, bueno pois si xa mais ou menos teñen decidido cómo van a facer para por en marcha correctamente este nomeamento do segundo representante que lle corresponde ao Grupo do Partido Popular.





CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

E quixera tamén saber, dado que xa estamos a día 1 de decembro e aínda non comezaron coas obras da Rúa Eduardo Iglesias, si xa solicitaron prórroga, bueno cómo vai, si se vai salvar esa obra, espero que si, e si xa fixeron, comentar algo de que tiñan algúns problemas, un modificado ou algo así dun proxecto, quixera saber si xa arranxaron os problemas e polo tanto se salva esa subvención e sobre todo si se vai a executala obra.

E agora tamén o pregunto eu, me está comentando aquí a Sra. Salgueiro, no paseo que hai pasando o supermercado, cara a, bueno o paseo este fluvial cara a Mañufe apareceu estes días unha sinal, quixera saber cál é a funcionalidade, qué é o que prohiben circular, que nos aclaren cál é a finalidade desa sinal nesa zona. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, o da sinal lle vou dicir, o significado das mesmas é o que implicitamente a sinal indica, e obedece a unha petición formulada pola veciñanza para evitar que os vehículos circulen pola beira do río dende aí ata a saída da ponte de Mañufe, porque por aí se meten isto motos e bicis tamén e entón isto, a sinal, o significado da sinal coñéceno e a vontade da veciñanza é limitar iso e o Goberno atendendo á mesma colocou esas sinais. De todas formas si fan vostedes unha petición expresa para quitala, se non están de acordo, eu analizo e a traslado a quen proceda e valoramos o quitalas.

Sra. Durán: Non Sr. Alcalde, soamente queríamos saber, ou sexa que a problemática está porque circulan por alí motos, coches non entran, ¿polas motos, non? Grazas.

Sr. Alcalde: Ten a palabra Sra. Fernández.

Sra. Fernández: Hola, boas tardes a todos e a todas. Bueno primeiro preguntar outra vez sobre a marquesiña de Couso, xa me fago aburrída pero dáme igual, nos di que está valorando distintos orzamentos para tomala decisión. Pregunto si está decidido ese orzamento e para cándo, e tamén lembrar que aínda hai moitas marquesiñas sen arranxar polas parroquias, ¿para cándo as van arranxar?

E nas beirarrúas de Vincios, contéstannos que corresponde á Xunta, entón rogámoslles que soliciten con urxencia o arranxo porque hai distintos lugares con buracos, están levantadas as baldosas, falamos sobre todo da beirarrúa que está na estrada que está na entrada da escola de música e da farmacia, en fronte, estes días puxeron uns conos alí e están, pois hai bastante perigo e tamén pois tamén agora cando se acondicionaran as beirarrúas para aquelas, pois a xente que usa cadeira de rodas pois poda, faga o paso pois ben, e tamén sobre as beirarrúas na rúa Eduardo Iglesias, en fronte, xustamente pola, onde está a tenda de electrodomésticos, perdón dos televisores, nesa beirarrúa cara arriba onde están os colectores, está a beirarrúa toda levantada, iso tamén hai queixa delas, a ver si se pode arranxar.

E quería saber tamén si chegou a un acordo cos taxistas pola cabina, que fai uns meses xa se trouxo aquí a Pleno, e estaban agardando e queríamos saber si xa chegaron a un acordo con eles, saber cómo está este tema.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Fernández, vou a contestar así ás mais breves. As beirarrúas de Vincios, como sabe son titularidade da Xunta de Galicia, nos aí non podemos nin arranxar nin nada as beirarrúas pero tamén lle digo que xa se fixo a petición reiterada á Xunta de Galicia para que arranxen as beirarrúas, para que poñan unha rede nova de semáforos, para que estuden a posibilidade de facer pasos elevados, e non se preocupe que á mesmo lle volvo a mandar outro requirimento porque ademais aí está e xa debemos, debe ser, non sei, non quero darlle unha cifra, pero varios, constantemente se lle pide, xa sabe que nalgúns casos contestaron dicindo que non era viable no caso dos pasos elevados pola densidade do tráfico, etc. Por suposto que volveremos a lembrarllo, o das beirarrúas.

O da rúa Eduardo Iglesias, que están mal as beirarrúas, xa somos coñecedores, de feito antes había unha pregunta a ese respecto, e imos comezalas obras, desa beirarrúa toda, onde vostede di ata practicamente a intersección onde está o cuartel da Garda Civil, ese é un proxecto que todos coñecemos, houbo que facer unhas modificacións nel por imperamento ademais do arquitecto municipal e estradas tamén que é unha titularidade deles, está feito, está ademais aprobado pola Deputación e están ademais en vía de licitar xa as obras e tamén pedimos unha prórroga xa ao respecto porque finalizan o día 31 de decembro tiñan que estar rematadas pero non puidemos comezar as obras debido a que a Deputación tiña que levalo á Xunta de Goberno e o fixo aínda a semana pasada, eses son un pouco os atrancos, esperamos e cremos ademais que vai haber posibilidade de prórroga pero imos empezar xa con esa obra, que ao mellor para non facela coincidir, dígo eu, ao mellor coas festas de Nadal, pois en vez de comezar o día 20 se cadra empezaremos o día 7 porque non se trata de ter todo iso levantado, ademais temos tamén como saben a rúa Emigrante en obras que tamén ten que estar rematada sobre, a finais deste mes de decembro, esperamos que antes do Nadal.

O da cabina de teléfonos, si estamos xustamente neso, de feito si se fixa, mira xa que cambiamos o dos bancos que están xusto en fronte. Esa cabina vaise cambiar e vanse cambialos bancos, pero tampouco descartamos que esa vía está aberta, o que pasa é que por problemas do Concelleiro, problemas de saúde do Concelleiro responsable de Seguridade e Tráfico que era o que estaba levando esas negociacións, mesmo estudando a posibilidade dun cambio de parada para outro viario, pois non foi todo o rápido que debería ser. Esa área agora asúmea o Alcalde e estamos retomando esas negociacións para buscar unha parada alternativa ou manter a mesma pero antes de chegar a cambiala cabina e arrombar esa zona hai que saber si vai a quedar aí ou non e niso estamos. Non creo que se faga ao mellor antes do Nadal pero case seguro, non o sei, igual si pero case seguro que iso a primeiros de ano, ou ben aí ou onde sexa, vai a quedar resolto. Moitas grazas. ¿Si?

Sra. Fernández: Me esquecín dunha, o transporte sobre o tema de Chaín – Morgadáns, quería saber cómo está isto, por qué non hai servizo, non está indo o servizo, o transporte a Chaín e qué solución, qué acordou coa empresa, si se vai arranxar, nada mais.

Sr. Alcalde: Tamén lle contesto xa rápido porque sabe que aí, por motivo das obras da rúa Emigrante, habilitouse un viario alternativo á rúa Pereiras de dobre sentido de circulación tal e como quedou agora onde evidentemente poden subir e baixar os vehículos pesados sen problema, porque de feito hai vehículos pesados como camións cargados de piñeiros e mesmo vehículos de transporte de viaxeiros escolar, pero Melytour é certo que determinados días e



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

determinadas horas sobre todo cando utilizan a derradeira viaxe un vehículo pesado, grande e tal está incumprindo o que legalmente ten que cumprir. Este Goberno cando foi consciente diso a través das queixas da veciñanza, o que fixemos foi remitirille á Consellería de Transportes un expediente informativo, que lle abran o seu correspondente expediente sancionador e estámolle remitindo periodicamente os informes da Policía Local que o está levando a cabo ademais cada día, están facendo un control de mañá e tarde efectivos policiais, teñen algúns días onde os informes son favorables no sentido de que cumpren, hai outros días que non cumpren e si ademais llo requiren ao condutor, que están obrigados a subir e llo facemos chegar e llo pedimos, pero á marxe de que nos fagan caso ou non, non podemos facer outra cousa mais que tomar nota, facer os informes policiais correspondentes e remitirlos á Consellería, instruílo correspondente expediente e serán sancionados. Sabe que isto das competencias nesta materia é unha competencia autonómica, e nos dende logo si que estamos poñendo toda a carne no asador nese sentido para exercer sobre eles pois un control a través da autoridade competente, da policía para que cumpran, pero si non o queren facer dificilmente nos, non llo vamos poder obrigar, serán sancionados, miraremos en que queda todo isto. Eu son o primeiro ademais en sentir unha certa impotencia porque gustaríame ter autoridade suficiente para dicir que ten que ir si ou si pero non estou facultado para iso, mais que para dar conta e que se elabore o expediente, veremos en que remata, eu espero que sei que a Consellería ademais os requiriu para que o fixeran, e estamos agardando ese control, ese control axuda a que ao final se cumpra pero é que é lamentable que a calquera persoa a obriguen a baixar do autobús en Gondomar e lle digan que non soben a Morgadáns ou a Peiteiros. Eu estou totalmente de acordo con vostede, iso non se pode permitir e so me falta coller un día o autobús como viaxeiro e chegar aí e a ver se me botan e negarme a baixar, que tamén o pensei, pero bueno iso é o que temos. ¿Mais preguntas? ¿Si, Sr. Pauliño del Río?

Sr. Pauliño del Río: Grazas Sr. Alcalde, en canto ás preguntas, gustaríame saber, na planta, no primeiro andar, e na planta da Alcaldía hai uns vídeos, uns vídeos, unhas cámaras de vídeo que deben de gravar, gustaríame saber qué é o que se grava, cuántas horas se grava, quen ten acceso a esas gravacións e todo canto vostede me poda informar a ese respecto, non vaia a ser que esteamos incumprindo, ou infrinxindo ou bordeando a legalidade e a privacidade, tanto das veciñas ou veciños que pasan por aí, como do persoal que traballa nas dependencias do Concello onde hai cámaras.

En segundo lugar gustaríame saber ¿cál é o criterio para tramitar ou non un expediente de infracción?. Estes días lemos na prensa, de que vanse negar á tramitar os expedientes das denuncias realizadas pola Garda Civil ás Comisións de Festas pola realización de festas, e parécenos unha medida que pode ser acertada, mesmo congruente, pero despois tamén hai outras denuncias da Garda Civil que si se tramitan, polo tanto se hai unha discriminación entre as denuncias que se tramitan pola Garda Civil, unhas si, outras non, gustaríanos saber cuál é o criterio deste Goberno para dicir a ti si, a ti non.

Outra pregunta é que me gustaría saber ¿por qué o coche propiedade municipal matrícula 4527BZZ estaba trucado, e impedía o uso por distintos departamentos municipais dese coche?, me gustaría saber si ten coñecemento, si ten coñecemento ¿por qué se produce isto? e si pode dar vostede unha explicación porque parece en principio, un caso bastante sorprendente, non o vou a cualificar.

Despois gustaríame saber por qué si, parece ser que se va instalar unha pegada dixital nos distintos departamentos do Concello para que os funcionarios e laborais e persoal ao servizo



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

da administración local en xeral fichen, entendo eu que será para iso, gustárame saber ¿cándo se vai implementar esta medida, e si esta medida está consensuada co persoal que actúa na administración municipal?.

Gustárame saber tamén, e volvo a repetir, as preguntas que fixen o outro día, pero tal vez pola miña torpeza, vostede me dixo que xa estaban no propio informe de intervención, o motivo dos reparos de intervención, non era iso o que lle preguntaba, o que lle preguntaba era os motivos polos cales vostede levantaba o reparo, vostede me dixo que os motivos polos cales estaban, os informes eran negativos constaban en intervención evidentemente, pero eses reparos, sábeo tan ben coma min, hai que levantalo, e levantalo normalmente de forma motivada, porque botándolle unha ollada así por riba ás contas que presenta vostede neste Pleno, da relación de facturas hai 17 relación de facturas, unha está informada favorablemente e 16 en contra, informada desfavorablemente, será isto tal vez un corta e pega do Sr. Fernando Guitián, creo que acaba de espertar, boas noites Sr. Guitián. Gustáranos saber por qué, porque é curioso que de 17 relación de facturas por un valor de 166.000 euros, 44.000, unha factura estea informada favorablemente e as outras 16 por valor de mais de 120.000 euros están informadas desfavorablemente, gustárame saber por qué ou si vai no camiño de intentar ir solucionando este tema que se vai indo dun Goberno para outro, e neste se vai herdando, imos deixalo así.

E logo, como derradeira pregunta gustárame tamén dicirle que coidaran e tomaran con un pouco mais de cariño o uso do galego na administración municipal. Xa non vou falar da toponimia que aí non hai discusión, nin sequera vou a facer un "casus belli" desto, pero vostede mira simplemente na convocatoria do Pleno, de este Pleno, no órgano colexiado pon "El Pleno". Na administración electrónica, eu entendo que pode haber dificultades, pero vostedes tiñan a obrigación de que cando esta administración electrónica se puxera ao servizo da cidadanía, o galego estivera aí debidamente, e neste momento a administración electrónica é un reflicto, non se sabe si é galego, porque mesmo ata é unha falta de respecto para o español porque é un reflicto de palabras e de frases unhas en galego, outras en español e eu creo que debería de corrixirse. No propio recibo onde se da conta da renuncia do noso Concelleiro Juan González, a quen lle desexamos unha pronta e total recuperación dende esta formación política, di "Rexistro de entrada", e a seguinte di "Datos de la anotación" despois "Número de Rexistro" pero no seguinte "Resumen" e así lle podo sacar no propio escrito que se fixo chegar ás Concelleiras e Concelleiros da Administración Electrónica, o escrito estaba integramente en español, e moitas documentacións das Comisións Informativas, de subvencións onde hai que entrar, hai que clicar castellano para aí, si clickas galego chegas a axudas e subvencións e datos e información é cero, sen embargo clickas en castellano e te pon, información, baixada de subvencións e información. Carai, coidemos un pouco isto ¿de acordo? Coidemos un pouco isto, non nos obriguen a traer unha moción. Eu creo que hai unanimidade no uso do galego nos distintos grupos pero dende logo hai un evidente deixamento deste Goberno, que a nos dende logo, non nos gusta. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. del Río. Perdón ¿sí?

Sr. Pauliño del Río: Perdón, quedábame unha pregunta efectivamente, aprobouse aquí fai pouco unha moción sobre as podas e as podas indiscriminadas e realizadas de forma bastante agresiva. Acábanse de volver a producir, gustárame saber si se puxeron en contacto coa



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

empresa ou non, etc., etc., porque esa moción se aprobou aquí e agora estamos nas mesmas. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas. Brevemente contéstolle a algunhas cousas que lle podo adiantar.

O das cámaras direiello, o das cámaras de vídeo que están colocadas na Administración, xa leván tempo, faremoslle chegar a documentación e demais para que vostede o analice. Están de acordo á legalidade e supervisadas ademais pola empresa e todo o demais.

As infraccións, os expedientes sancionadores, dicía vostede qué criterio utilizamos e tal. O criterio que so podemos utilizar que non é outro que a Lei de Réxime común administrativo a 39/2015, que vostede sabe ademais como xurista, que hai un prazo de prescrición, hai a caducidade e a administración dentro deses prazos móvese. Entón eses expedientes, non sei agora mesmo en que fase están, si están notificados ou non pero si que é certo que aí están para o seu trámite todos aqueles que levamos feito, de vehículos abandonados na vía pública, denuncias de tráfico, comisións de festas, charanga, actividade, horario. Sabe vostede que estamos sometidos a un control férreo, non podemos dicir que as forzas e corpos de seguridade do estado, non traballan en Gondomar, ao mellor grazas a aquela moción que se aprobou no Pleno, pode ser que os motivara, pero si que están activos e estamos, non sei se vostede rise porque verdadeiramente lle fago graza, se é por ironía, eu creo que.....

Sr. Pauliño del Río: Ao mellor foi por esa moción, ao mellor foi polo seu saber facer natural nas xuntanzas.

Sr. Alcalde: Vale, moi ben, é raro que estiveran vostedes de acordo coa actitude do Alcalde, pois si moi ben, de todas formas reproche ningún, están facendo o seu traballo polo tanto, e actuando dentro da Lei, e para iso están, faltaría mais, e nos estamos tamén traballando e actuando dentro da legalidade e cursando as denuncias que teñamos que cursar, tamén é certo, ¿perdón? ¡ah! Quedoulle outra atrás.

Ben, dicíame antes sobre o vehículo trucado que visto así parece unha, parece non sei unha conspiración de que un vehículo municipal non sei o que lle pasa, mire o único que ten ese vehículo municipal, que tamén chegou aos meus oídos, porque aquí ao final sábese todo, sábese, levaba trucado xa dende que vostede estaba no Goberno, tamén, non se deu conta igual ca min, démonos conta despois e ¿en qué consistía ese truco? Pois simplemente que ese coche ten unha tecla que corta a corrente, como medida de seguridade, un dispositivo que lle das e aínda que lle des a acender non vai o contacto porque ten a corrente cortada, hai que desactivalo e despois darlle, e quen anda co coche sábeo, entón supoño que estará pensado por si queda na vía pública que ninguén o roube ou algo, non sei, pero tampouco ten maior....,iso en si, ese vehículo trucado que parece que se converte en non sei, nada, unha simple chave de curta correntes.....si por suposto.

Sr. Pauliño del Río: Vostede ao mellor non lle da importancia pero cando outros departamentos municipais quixeron facer uso dese vehículo non puideron.

Sr. Alcalde: Iso non é así.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Pauliño del Río: Bueno, iso dío vostede, iso dío vostede e é un feito

Sr. Alcalde: Iso non é así, dígollo eu que estaba.....

Sr. Pauliño del Río: Iso dío vostede e é un feito que ese coche non se usaba por determinados servizos municipais e afortunadamente, afortunadamente non pasou nada, porque houbo departamentos, un deles do que vostede é responsable agora, que non puideron coller ese vehículo.

Sr. Alcalde: Iso dixéronllo, contáronllo, ou o mirou ou o viviu, porque aquí o que nos contan damos por feito que está mal feito.

Sr. Pauliño del Río: Para iso llo pregunto, vostede toma este asunto como unha brincadeira, está no seu dereito.

Sr. Alcalde: Eu non tomo nada como brincadeira Sr. Pauliño, non se confunda coa brincadeira, non estou tomando isto como unha brincadeira o estou tomando como teño que tomalo, como presidente deste Plenario e estou contestando moi coherentemente e con moita educación. O que vostede di e o que vostede pretende artellar sobre ese vehículo, é simplemente un interruptor que corta a corrente e os funcionarios que andan con ese coche sábeno, nin mais nin menos. De todas formas si nalgún momento subiu algún funcionario a ese vehículo e non lle acendeu, tamén non pasa nada porque terá que preguntar ou terá, non sei, é que vostede fai desto que é unha simple anécdota, fai desto un mundo nun Plenario, pero bueno alá vostede.

Bueno sigamos, sobre os aparellos detectores de pegada que tamén parece que é unha cousa rarísima neste Concello, consiste nun aparato, que cada funcionario ten que pasar alí a súa pegada, xa non lle digo o iris que tamén podería ser porque senón xa sona a mais aínda, e cando entran a traballar teñen que fichar e cando saen da súa xornada teñen que fichar. Entón si vostede me pregunta ¿Os funcionarios deste Concello van a ter un sistema de control do seu horario, da súa xornada? Si ¿Van a fichar á entrada? Si ¿Van a fichar á saída? Si ¿Por qué sistema? Pola súa pegada ¿Cándo se vai a implantar? Vai a estar efectivo o día 1 de xaneiro ¿Si está consensuado cos sindicatos? Este Alcalde lle dixo que se ía a implantar ese sistema de control para saber cando se entra e cando se sae, e é mais se lle vai a aumentar a xornada laboral, porque teñen que traballar de acordo á Lei, como vostede sabe, 37 horas e media e están traballando 32 e media, traballan unha hora menos cada día, entón o único que vai a facer este Alcalde, que ninguén o fixo, eu tamén o entendo que me gusta pisar charcos segundo algúns, imos a que os funcionarios traballen o que teñen que traballar, que fichen cando entren e que fichen cando saian, e cando estean de asuntos propios, de vacacións e de non sei qué, vai quedar todo controlado. Eu espero que ese control ao final o que dea sexa un número, un cómputo de horas de produtividade nesas cento e pico funcionarios que hai, pois cando menos teremos cento e pico horas mais cada día e iso repercutirá no ben dos veciños de Gondomar, e os funcionarios é para o que están, cobran polo seu traballo, eu defendo os seus dereitos e todo, pero teñen que cumprir co que teñen que cumprir e nada mais, isto non ten maior historia. Entón si está consensuado ou non, se lle trasladou a quen hai que



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

trasladarillo aos sindicatos e aos traballadores. Se lles fará chegar unha resolución co seu horario coas súas... todo o que haxa que facer e listo, e entón a partir de aí non pasa nada. Eu creo que isto, por aí é por onde temos que comezar, na empresa pública.

Do uso do galego, é que ten toda a razón do mundo, é que ten toda a razón do mundo teño que recoñecerlo, mire eu cando é verdade, que eu tamén cando miro esas actas con eses erros me poño do figado, o que pasa é que moitas veces non me da tempo a miralas todas como me gustaría, pero é que ten toda a razón, e si me di as sinais de tráfico que están en castelán aínda lle dou mais a razón porque ten toda a razón do mundo, vostede e calquera.

Eu si miro un cartel, eu falo galego, o de aquí e me considero galego e estou encantado de falalo galego e tal, eu cando miro Morgadanes, a verdade é que me renxe, si a verdade que si, igual que vostede, cando vostede puxo esa nota, mandou esa nota e eu a mirei, pois dixen ¡qué razón ten! quedouse corto, eu a verdade e que non me fixara, senón a houbera mandado quitar no primeiro minuto, non se pode permitir poñer esas sinais porque iso xa é toponimia, non é galego castelán. Eu vou estar atento a iso e ademais sabe que así é porque xa teño discutido moitas veces sobre ese tema das sinais de tráfico ou cos carteis que se poñían, que obedecen a unha linguaxe internacional e que teñen que estar en castelán, dicían algúns responsables de área, eu non coincidía con eles pero bueno iso mirarémolo. É verdade, que si, que ten razón. E o reflicto ese, que vostede di da sede electrónica, pois tamén é verdade que temos que poñernos con iso, estamos coa implantación da sede electrónica, somos dos Concellos tamén que imos adiantados, porque hai moitos concellos de Galicia que a pesar de que a Lei entrou o 2 de outubro aínda non teñen a sede electrónica, a Deputación de Pontevedra non a ten, por exemplo, e moitos mais, a entidade de Morgadáns, pois creo que tampouco a ten e tamén está obrigada porque é unha administración e como iso moitas, con todo nos aí andamos rápidos, chegamos a tempo, temos a empresa traballando e hai que cambiar cousas e así tamén nos pasa moitas veces o que nos pasa aquí. Constantemente, cando detectamos iso, algún erro, poño o exemplo das mocións do outro día, corríxíronse, hai que modificar unha aplicación, hai que estar constantemente, eu sei que o concelleiro, o secretario, a interventora, o informático, estamos todos a elo e eu lle agradezo ademais que, o único que lle boto un pouco en cara Sr. Pauliño, un pouquiño, é que non espere un mes a vir ao Pleno, cando me atope polo corredor dígame porque así adiantamos quince días, cando esteamos por alí, dime ¡eh! iso está mal, eu llo agradezo, é mais eu obviamente non llo estou esixindo, porque no podo estou facéndolle un rogo, porque tamén podo facer rogos, cando sexa así dígame, non agarde quince días.

Sr. Pauliño del Río: Eu fareillo, pero non se preocupe que despois ha de saír no facebook dicindo que parece mentira que a cousa non era para tanto.

Sr. Alcalde: Grazas por seguilo meu facebook, grazas. Si, Sr. Villar, que quere preguntarme ¿cántos me gusta teño no facebook hoxe?

Sr. Pauliño del Río: Imos ver, quedábame unha pregunta pero xa con esta, pero ¡ah! si gustaríame saber si a Concelleira de Servizos Sociais porque creo que leva este asunto. No tema de "Xuntos polo Nadal" saíu unha nota de prensa, tamén publicado polo facebook do Sr. Alcalde, para que vexa que me chegan este tipo de historias, onde se fai, se fai, que vostede le a nota de prensa e todos os que lemos a nota de prensa en principio figuraba como que era unha iniciativa do Goberno de Gondomar, e eu creo que non é certo, gustaríame preguntalo porque ademais paréceme bastante insolidario que unha medida destinada á xente maior, que



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

leva funcionando no país durante bastante tempo, bastantes anos, bastantes anos e que onde os concellos o único que fan, o único que fan, é tramitar as solicitudes e un dos vehículos para tramitar, entregar as solicitudes na Xunta de Galiza, dende este Concello se dea como unha, posiblemente sen ningún tipo de intencionalidade, se dea como algo propio. E digo que é insolidario porque ao mellor esa noticia publicada no Faro de Vigo ¿correcto? o le unha persoa de Baiona, o le unha persoa de Tui, o le unha persoa de A Garda, o le unha persoa de Oia e di ¡coño, mira que ben se porta o Concello de Gondomar e nos non podemos acceder a este programa! E si que poden porque é para tódolos Concellos do país. Bueno, eu non sei si terán moito, traballarán como leóns, pero a verdade, que vostedes se dediquen a apropiarse do traballo da Xunta de Galiza, volveremos ao corta e pega, empezamos e acabamos.

Sr. Alcalde: Grazas, si xa vexo que tomo nota, que tanto que segue o meu facebook, que tanto lle preocupa, eu creo que un Alcalde que informe nunca está de mais, eu o día 15 de novembro ás 00:33 horas eu publiquei: "Os maiores de Gondomar non estarán sos este Nadal grazas ao programa "Xuntos polo Nadal" levado a cabo dende a Concellería de Benestar Social e a Xunta de Galiza" aí o ten.

Sr. Pauliño del Río: Si, si e ¿A Xunta de Galicia? (...) (...)

Sr. Alcalde: O que vostede diga, xa miro o que me segue vostede, aí o ten, si,si,si.....de tódolos xeitos, eu non deixo de estar encantado con esta oposición porque os Plenos ao final pois se tratan de analizalo facebook do Alcalde. A verdade que grazas pola publicidade dada.

Sra. Durán: Sr. Alcalde, si me permite.

Sr. Alcalde: ¿Sra. Durán?

Sra. Durán: Si, si me permite Alcalde, con respecto ao punto que tratou aquí o Sr. del Río, e que vostede debeu buscar aí no seu facebook, recoñeza, recoñeza que vostede modificou e incluíu a Xunta de Galicia, cando entra no seu facebook e lle contesta Dna. Marta Iglesias ¿verdade? non diga vostede. Quen coñece algo do tema das redes sociais, sabe cando o edita, cando non o edita, os comentarios e demais.

Sr. Alcalde: Por suposto.

Sra. Durán: E hai que dicir que foi vostede o que fixo realmente mal esa comunicación, porque o que sae nos medios, que entendo que foi o que saíu dende a Concellería, non da a entender o que deu vostede. Hai que ter, pero eu quería pedirlle a palabra, agora foi porque saíu ese tema, con respecto a unhas declaracións que fixo vostede e que creo que igual ten que matizar, porque as fai publicamente, cando vostede di que os funcionarios e as funcionarias deste Concello están traballando unha hora menos cada día. Imos a ver, si están facendo agora un cambio, teña, recoñeza que antes facían a súa xornada de luns a venres e tiñan o servizo de Rexistro. Unha vez que se elimina efectivamente, o Rexistro dos sábados, hai que pois reordenar a xornada, o digo porque tal e como entendín eu, parece que porque vostede dixo, ningún Alcalde o fixo, e vostede non o faría si non entrase en vigor a nova Lei e que di que o Rexistro non funciona os sábados, dígoo porque.....

Sr. Alcalde: O faría exactamente igual, porque non estou obrigado a facer o que vostede di porque eles o único que me pedían era, en vez, ou seguir facendo o sábado, dous sábados ao ano.





CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sra. Durán: Por iso non, non, non confunda o que eu lle estou dicindo, vostede non pode dicir que estaban traballando unha hora menos cada día, non o diga, agora como non teñen que facer o servizo extraordinario dos sábados no Rexistro, é polo que hai que tocalo tema da xornada, o digo porque eu teño a sensación de que o que me estaba dicindo é que estes levan anos traballando cinco horas menos á semana.

Sr. Alcalde: Non contéstolle, a vostede lle preocupa o que dirán de vostedes, non o tema dos funcionarios.

Sra. Durán: Non, non, vostede isto, eu non lle estou entrando no tema de si teñen que con tarxeta, controlar a entrada e a saída, eu non lle estou xulgando isto, o que lle dixen é que como vostede o di con tanta alegría o tema de que estes funcionarios estaban traballando unha hora menos ao día non é real. Polo menos non é xusto con todos aqueles que estaban cumprindo coa súa xornada atendendo o Rexistro, soamente quería saber iso, grazas.

Sr. Alcalde: Pero déixeme contestarlle Sra. Durán, imos a matizar. Os funcionarios da administración teñen que traballar 37 horas e media á semana, xusto, ¿cántas traballaban? 32 horas e media ¿vale? traballaban entón ¿cántas horas menos á semana? E a cambio desa hora menos que traballaban os funcionarios facían, agora fágame vostede o cálculo, dous sábados ao ano dende as 10:00h da mañá ata as 13:00h en Rexistro, dous sábados ao ano, seis horas a cambio de, bote a conta, bote a conta 5 horas á semana menos, 20 ao mes, 20x11, e a compensación era, para compensar todas esas horas que non facían, facían 6 ao ano, eses son os datos que están aí, entón traballaban ou non traballaban, ao mellor traballaban unha hora menos, igual traballaban 55 minutos menos, pode ser, os datos están aí de todas formas, e eu sei que isto é escabroso e que non axuda. Eu serei un cómico, pero dende logo eu isto vou levalo a cabo e sei que como di algunha expresión dalgún compañeiro que a min me gusta, " imos a deixar moito pelo na rateira" e eu vou a deixalo polo persoal pero creo que cada funcionario se ven a traballar 20 horas mais ao mes multiplicado por 150 funcionarios ou 140 que hai, ou non sei agora exactamente, creo que iso vai repercutir en beneficio da veciñanza, e con iso me chega.

Sra. Durán: Pero o que lle estou pedindo Sr. Ferreira é que matice, que iso era o Convenio, o acordo que existía, que non era porque aquí (...) e agora vostede ten que dicir efectivamente pois ante esta nova situación que xa non hai, nin esa compensación que se facía fora grande ou pequena, era o que había, era o acordo que existía, agora ante a nova situación, pois vostede está no seu dereito de loxicamente coller e dicir, o funcionario ten que traballar 37 horas e media, pois fágao, intente chegar co mellor acordo posible para reorganizar tódalas xornadas.

Sr. Alcalde: Simplemente dicir que o que pedían era seguir facendo os sábados que facían en vez de en Rexistro nas súas dependencias ou ben facer algún día pola tarde cando lle correspondera e se lle dixo que non, que van a traballar de luns a venres de 8:00 a 15:00 e que aínda por riba van a compensar esas horas, claro, e van a fichar, como en tódolos concellos e coma en tódalas empresas do mundo, é o que hai.  
Bueno, non tendo outro, ¿si, Sr. Villar? Perdón.

Sr. Villar: Moitas grazas Sr. Alcalde, preguntas a primeira para o Sr. Alcalde ¿Ata cándo ten pensado cobrarlle ao Concello os gastos de locomoción?



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Ata que marche, xa llo digo.

Sr. Villar: Pode responderme cando remate a intervención. En segundo lugar, vostede ven de anunciar, creo que fai dúas semanas mais ou menos, audiencias aos veciños vía telemática de 8:00 a 9:00 h da mañá se non me erro.

Sr. Alcalde: Mira que vos gusta o facebook.

Sr. Villar: A min gustaríame saber en principio ¿cál é a vía telemática que vai utilizar o Goberno para esta interlocución? e en segundo lugar ¿se cumpre coa Lei de Protección de Datos?, e terceira pregunta é un rogo.

A terceira pregunta é un rogo, en diferentes puntos de Gondomar acumúlanse, isto xa é un problema estrutural dende fai tempo, os restos da poda normalmente á beira dos colectores, gustaríanos saber o que ten pensado facer o Goberno a este respecto ou si xa moveu ficha.

Por outro lado ao Concelleiro Xosé Antón Araúxo, sobre o tema do mercadillo, sobre o tema en primeiro lugar do C.D.L. eu preguntáballe sobre o tema do sementeiro, vostede me responde que non hai lugar neste momento e a pregunta é ¿cáles son os usos actuais das diferentes aulas do C.D.L. tanto do colexio como das oficinas e ata cándoo está programada cada unha das actividades ou usos que nelas se fan?

Outra pregunta, tamén para vostede Sr. Araúxo, é polo tema do mercadillo, a primeira é ¿por qué destruíu a enquisa antes de pechar ou de solucionar ese traslado que vostede pretendía artellar, destruíndo a principal proba e argumento que vostede ten para xustificar ese traslado, supoño que se vostede quere facelo, terá que argumentar con este expediente ou sexa, perdón con esta enquisa e terá que estar a disposición dos demais grupos, e ¿por qué a destruíu?

E en segundo lugar, vostede tamén saíu en prensa dicindo que si serían os diferentes comerciantes do mercadillo e que cumplan coa normativa, coa ordenanza municipal cousa que nos parece acaída, pero a pregunta que lle fago é ¿está o Goberno de Gondomar cumprindo coa propia Ordenanza nas súas obrigas? En caso negativo de que non esteades a cumprir con esas obrigas, cáles son esas medidas que van a tomar? Por outra banda, vostede tamén manifestou que neste Pleno de novembro ía a traer a modificación desa Ordenanza e gustaríame saber si, perdón segundo aparecía na prensa, e no Atlántico e segundo verbas súas figura, pódolle mesmo ler a noticia se quere, pero imos que na prensa figuraba e formulei a pregunta, que vostede tiña pensado traer a este Pleno de novembro, a modificación da Ordenanza, pois xa queda respondido.

Por outra banda ¿O traslado cumpre co que di a Ordenanza? E nada mais, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Villar, eu voulle contestar brevemente ao que me, aínda que so sexa por alusións, para deixar dalgunha maneira claro o tema da quilometraxe e a locomoción do Alcalde, e que bueno xa non, dicir que tódolos alcaldes cobraron os quilómetros, as peaxes e os....se lle pagou o parking cando van ás súas xestións, é unha obviedade, e dicirle tamén que iso está recollido na Lei, e que ten dereito a elo, pois tamén é unha obviedade porque hai un Decreto que o regula, é dicir, si a min me pregunta si vou a seguir pasando km ou cándoo vou deixar de facelo. Mentres sexa Alcalde vou seguir pasando os quilómetros, autopista e o parking, alá onde vaia sempre que vaia no exercicio das miñas funcións. Eu hoxe fun á constitución da Área Metropolitana a Vigo, pasarei os quilómetros, pasarei seis euros e pico de parking, porque estiven alí catro horas, e pasarei a autopista, porque fun por ela e iso fai



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

calquera concelleiro do Goberno, non só eu, e tamén os funcionarios que teñen dereito a iso mesmo cando van a un curso de formación, cando van a un xuízo, cando van a onde teñan que ir, os quilómetros se pagan a 0,19 x km e sen mais. Despois, vostede dentro da fiscalización como oposición, paréceme lóxico que entre a mirar si os fago, si non os fago, si é moito, si é pouco, pero iso está así e eu creo que iso ten que ser así, ¿verdade Sr. Guitián? E que so faltaría que non fora así, pero bueno.

E despois do tema telemático, que si, que cómo lle vou a contestar á xente, ¡oe! deixen traballar tamén a este Goberno e deixen que cada un teña certa discrecionalidade para se quere contestar un whatsapp, un facebook, se quere ter unha páxina, se quere dicirlle a un veciño cando lle di que hai unha luz fundida, un buraco na estrada ou preguntan cómo fai para presentar un escrito, etc. Deixe que cada un, déixeme a min tamén que faga iso, que conteste porque eu ao final estou facendo un traballo que eu quero facer, primeiro porque creo que teño que facelo e despois porque mo pide o corpo. Eu non me meto con vostede se ten como oposición a páxina, si fala coa cidadanía, se vai a un sitio, se vai a outro, eu so lle pido que ao final deixe traballar a este Goberno como está traballando, deixe que cambiemos e mudemos Gondomar como o estamos mudando, e oe, se por aquilo de que non lle gustaba estar en outro sitio, tampouco pódelle parecer mal. Eu cando vostede era Concelleiro tiña unha páxina, que era Emprego non sei que, tal, e colgaba aí os seus vídeos e colgaba aí as súas cousas e sería discutible mesmo dentro dun Goberno se os Concelleiros e as Concellerías deberían de ter unha páxina propia, e aínda eu así lle dei esa posibilidade de que o fixera, con todo agora a vostede lle preocupa, eu falo cos veciños por teléfono, por whatsapp, por messenger, por

correo electrónico, en vivo e en directo, eu creo que iso non é ningún pecado e non vou a mudar, non vou a cambiar, se meto a pata aí, que moitas veces iso queima moito, ¿vale? pois xa pagarei por elo, mala sorte, pero dentro de tres anos, ou dous e medio, pasaremos todos por onde temos que pasar, pola criba e a ver quen suspende e quen aproba.

Si non hai mais preguntas, non hai mais rogos.....¿si?

Sr. Villar: Sr. Alcalde, so por alusións, ben creo que non me escoitou ou non me atendeu o suficiente. Eu non teño ningún problema en que vostede fomente a participación ou atenda aos veciños por tódolos medios dispoñibles, como eu tamén fixen no seu momento, e cos límites que fixa a Lei, a miña pregunta e lla repito para que ma poda contestar ou agora ou por escrito, é a seguinte, e non estou dicindo que non poida utilizalo facebook, claro, porque vostede está dicindo que a min me parece mal, a min non me parece mal, as preguntas concretas que lle fago son as seguintes

Sr. Alcalde: Faga as preguntas.

Sr. Villar: Ata, perdón ¿qué medio telemático vaise utilizar para esas audiencias que vostede anunciou? E en segundo lugar ¿garante a lei de Protección de Datos, cumpre coa Lei de Protección de Datos? Nada mais. Grazas.

Sr. Alcalde: ¿Que medio telemático? supoño que será a isto ao que se refire, o ordenador, non sei, que cobre..

Sr. Villar: Cando falo de medio telemático, se refire ao xeito de comunicarte telematicamente, é dicir, a distancia, podería ser o facebook, por teléfono, a web municipal, por administración electrónica ou pola vía que considere, a pregunta está clara, creo que....



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Non a teño tan clara, eu ao mellor é que son (...)

Sr. Villar: Estude e respóndame cando poida.

Sr. Alcalde: Mire, contestareille por escrito, porque terei que consultar aos sistemas informáticos para que me digan.

Sr. Villar: Moitas grazas.

E non habendo máis temas que tratar, ás 21 horas e 54 minutos do día 01.12.16, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presenta acta que eu mesmo asino, de todo o que eu como secretario dou fe.